



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

[elgilg@usc.es](mailto:elgilg@usc.es)

Universidade de Santiago de Compostela  
España

Álvarez Pérez, Xosé Afonso  
Correspondencias léxicas entre a fala de Cáceres e o portugués  
Estudos de Lingüística Galega, vol. 6, enero-diciembre, 2014, pp. 5-27  
Universidade de Santiago de Compostela  
Santiago de Compostela, España

Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305631654001>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en [redalyc.org](http://redalyc.org)

[redalyc.org](http://redalyc.org)

Sistema de Información Científica  
Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal  
Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

# Correspondencias léxicas entre a *fala* de Cáceres e o portugués

Xosé Afonso Álvarez Pérez

Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (Portugal)

xoseafonso.alvarez@gmail.com

Recibido o 06/05/2014. Aceptado o 10/06/2014

## Lexical correspondences between the *fala* of Cáceres and Portuguese

### Resumo

No Val de Xálama fálanse tres variedades romances estreitamente relacionadas que, no seu conxunto, son coñecidas co glotónimo *fala*. Desde o seu *redescubrimento*, vai xa para un cuarto de século, a polémica sobre a súa adscrición lingüística é intensa. Unha das posturas reivindicada o carácter galego da *fala*, apoiándose en argumentos históricos (procesos medievais de repoboamento) e lingüísticos (supostas similitudes destas variedades co galego que non existirían nas linguas veciñas). En 2013, o Prof. Xosé-Henrique Costas, o maior referente da reivindicación da galeguidade dos falares de Xálama, publicou un volume que recompila diversos traballos sobre varios aspectos da *fala*; entre eles, un estudo de varias dúcias de designacións lexicais que, segundo Costas, son exclusivos da *fala* (por exemplo, arcaísmos) ou ben paralelos entre o galego e as falas de Xálama que non existen nin en portugués nin en castelán. Non obstante, unha lectura do texto revelou que varias das formas alí incluídas eran ben coñecidas no portugués dialectal, polo que se facía necesario verificar a validez do conxunto da listaxe. O obxectivo deste traballo foi realizar un exame sistemático da presenza ou ausencia das supostas formas específicas da *fala* nos materiais dialectais casteláns e portugueses. Os resultados confirmaron a hipótese de partida. Un importante número das designacións expostas por Costas están presentes nos dialectos portugueses (non só nos lindeiros co Val de Xálama) e incluso na lingua estándar; non faltaron tampouco correspondencias con variedades dialectais estremesas e salmantinas. As conclusións do traballo reivindicán a necesidade de ter ben presentes os materiais dialectais á hora de examinar as características lingüísticas da *fala*, unha precaución necesaria para dar solidez ó debate científico sobre a súa orixe.

### Palabras chave

Fala, galego, portugués, Cáceres, dialectoloxía, vocabulario dialectal

### Sumario

1. Introducción: as falas dos Tres Lugares. 2. Obxectivos, corpo do estudo e metodoloxía. 3. Análise do corpus. 3.1. Formas con correspondencia plena no portugués da Beira. 3.2. Formas con correspondencia no portugués estándar ou no portugués dialectal fóra da Beira. 3.3. Formas con correspondencia no portugués fronteirizo ou nas comunidades lusófonas de España e mais no castelán veciño. 3.4. Sen correspondencia documentada co portugués, mais si co castelán veciño. 3.5. Formas sen correspondencia no portugués ou no castelán veciño. 3.6. Formas documentadas no portugués cun significado idéntico e significantes moi próximos. 3.7. Outros casos. 4. Conclusións.

### Abstract

In the Valley of Xálama three closely-related Romance varieties are spoken, referred to collectively as the *fala*. Since their “rediscovery” about a quarter of a century ago, the controversy over their linguistic affiliation has been intense. One position which claims that the *fala* has a Galician origin relies on historical arguments (medieval repopulation processes) and linguistic ones (alleged similarities to Galician not shared by the neighbouring languages). In 2013 the chief exponent of the Galician ties of the varieties spoken at Xálama, Dr. Xosé-Henrique Costas, published a book bringing together several papers on diverse aspects of the *fala* including a study of dozens of lexical items which according to Costas are exclusive to the *fala* (such as archaisms) or parallels between the *fala* and Galician that are found in neither Portuguese nor Spanish. However, careful reading of this text revealed that several of the forms cited are well-known in dialectal Portuguese, which points to the need to check the validity of the whole list. The aim of this paper is to carry out a systematic study of the presence or absence in Portuguese and Spanish dialect materials of these allegedly specific terms in the *fala*. The results of the analysis confirm the initial hypothesis: a significant number of the forms proposed by Costas are in use in Portuguese dialects (not only those adjacent to the Valley of Xálama) or even in standard Portuguese. There are also matches with dialect varieties of Extremadura and Salamanca. The conclusions of this paper highlight the need to take into account dialect data when examining the linguistic features of the *fala* as a necessary precaution which will help to make a scientific debate over its origin all the more robust.

### Keywords

*Fala*, Galician, Portuguese, Cáceres, Dialectology, dialectal vocabulary

### Contents

1. Introduction: the varieties of the *Tres Lugares*. 2. Aims, corpus and methodology. 3. Analysis of the corpus. 3.1. Forms with full correspondences in the Portuguese of the Beira. 3.2. Forms with correspondences in standard or dialectal Portuguese outside the Beira. 3.3. Forms with correspondences in border Portuguese or Lusophone communities in Spain. 3.4. Forms without correspondence within Portuguese, but having correspondences in neighbouring Spanish varieties. 3.5. Forms with no correspondences in either Portuguese or neighbouring Spanish varieties. 3.6. Forms documented in Portuguese with a similar form and meaning. 3.7. Other cases. 4. Conclusions.

## 1. INTRODUCCIÓN: AS FALAS DOS TRES LUGARES

No noroeste da provincia de Cáceres, lindeiro con Portugal, sitúase un val formado por tres concellos onde se falan tres variedades lingüísticas estreitamente relacionadas: lagarteiro (no concello das Ellas, Eljas en castelán), mañego (en Sa Martín de Trevellu<sup>1</sup> / San Martín de Trevejo) e valverdeiro (Valverdi du Fresnu / Valverde del Fresno). Estas variedades reciben o nome conxunto de *fala* e teñen un elevado grao de vitalidade e uso en diferentes situacións.

Como adoita acontecer en situacións semellantes no espazo románico, e máis alá, un dos debates que ocupou, e ocupa, máis resgas de papel é o estudo da adscrición lingüística destas variedades. Farei apenas unha breve presentación das principais posturas que se foron sucedendo co pasar dos anos, síntese que terá que ser necesariamente parcial, polo extenso corpus de contribucións que tratan esta cuestión. Como sinalou lucidamente González Salgado (2009a: 68), a cuestión da filiación histórica das falas do Val do Ellas é obxecto de debate en case todas as contribucións sobre esas variedades e, en cambio, son poucas as descrições lingüísticas, as análises de fonética acústica, os estudos sociolingüísticos, os levantamentos lexicais, etc.<sup>2</sup>

O dicionario de Madoz refería, a mediados do s. XIX, que estas falas eran unha mestura de portugués, castelán antigo e creacións propias. No comezo do seguinte século, Daniel Berjano, avogado ovetense que exerceu como rexistrador da propiedade en varias localidades estremeñas (e que estaba casado cunha filla do político Juan Crisóstomo Gómez Gordillo, natural do Val do Ellas), daba conta a Menéndez Pidal da existencia dun “dialecto peculiar de San Martín de Trevejo, hablado también en Eljas y Valverde del Fresno, mezcla del antiguo romance y portugués, verdadera *fabla* de frontera, donde llaman *albas* a la cenizas, *renimchar* al acto de mirar de reojo y otras curiosísimas particularidades” (Berjano 1909).

O primeiro en describir con vagar estas falas foi o filólogo portugués Leite de Vasconcelos, quen afirmou taxativamente a súa lusitanidade nos varios traballos dedicados a esta cuestión (principalmente, Vasconcellos 1927, 1929, 1933)<sup>3</sup>. Por exemplo, en Vasconcellos (1927: 258) escribe que “o que parece mais admissivel, é supor que o português existiu em S. Martin, desde que aí ha povoação, ou porque o sitio foi povoado por Portugueses, tão vizinhos d’ele, ou porque a área primitiva da língua portuguesa o abrangia”. Poucas liñas máis abaixo pon sobre a mesa, sen aceptala, unha hipótese que volverá estar en debate anos máis tarde, a da colonización por galegos:

É verdade que quem diz *português*, diz mais ou menos *galego* (neste caso: galego antigo); mas a Galiza fica muito afastada, para que exercesse aqui influencia; excepto se se quer supor que o territorio samartinhego foi nos primórdios completamente colonizado por Galegos. Na verdade haveria estranha coincidência: estar tão perto o português, e ser preciso, para explicar o samartinhego, recorrer ao galego, tão distante. Além d’isso não se encontra, ou, pelo menos, não encontrei eu, nenhum resquício galego na linguagem de San Martin [...] (Vasconcellos 1927: 258-259).

Esa mesma postura, a de considerar a fala como un dialecto portugués, é a que teñen Fink (1929) e Onís (1930), investigadores que, ademais, sinalan explicitamente a distancia lingüística con respecto ás variedades faladas nas zonas limítrofes.

Ten unha especial relevancia o traballo do filólogo portugués Lindley Cintra (1959). Este edita e analiza os foros de Castelo Rodrigo, pertencente actualmente á Guarda portuguesa, mais que estivo anteriormente baixo dominio leonés, época na que se redactaran os ditos forais. Cintra detecta algúns trazos, “poucos, mas muito significativos” (Cintra 1959: 503) que o levan a afirmar que a variedade lingüística do copista de Castelo Rodrigo era “fundamentalmente,

<sup>1</sup> O polémico topónimo empregado polo concello, co que moitos falantes non se senten identificados, pois prefiren a forma *San Martín*. Tamén existe unha versión galeguizada, San Martiño de Trebello.

<sup>2</sup> A imprescindible *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>), dirixida por Francisco García Gondar, cataloga de modo exhaustivo toda a produción científica sobre esta variedade estremeña; abonda con introducir o código 144 no campo “variedade de lingua”.

<sup>3</sup> Convén deixar anotado que Costas (2013: 125) pon en dúbida a existencia de moitos dos trazos lingüísticos anotados por Leite de Vasconcelos, que é acusado de “estimar irrealmente dos fenómenos portugueses veciños para demostrar a continuidade entre o falado a un e outro lado da raia política”.

galega" (Cintra 1959: 503); máis aínda, detecta profundas semellanzas entre a lingua do copista e as falas do Ellas, que serían unha reminiscencia de épocas pasadas que sobreviviu polo intenso illamento da zona:

O falar fundamentalmente galego, mas com leonesismos, de Castelo Rodrigo e de Riba-Coa no séc. XIII, o falar também essencialmente galego da região de Xalma, outra coisa não são, segundo creio, do que falares destes núcleos de repovoadores galegos tão frequentemente recordados pela toponímia. O primeiro sucumbiu perante a invasão do português da Beira que acompanhou a anexação do território por Portugal, nos fins do próprio séc. XIII. Sorte paralela tiveram certamente muitos falares galegos, vivos no séc. XIII em outras colónias da mesma proveniência fixadas na Estremadura leonesa; um tipo de leonês oriental fortemente castelhanizado veio nelas a impor-se e a apagar a linguagem primitiva dos repovoadores (Cintra 1959: 535-536).

Aínda que non é este o lugar para desenvolver esta cuestión, convén manifestar que resultaría necesario un traballo demorado de análise crítica da proposta de Cintra, que aparece citada a miúdo cunha aceptación incondicional. Nese sentido, resulta interesante a contribución de Sanches Maragoto (2011), que expón diferentes obxeccións, sexa desde o punto de vista lingüístico, sexa desde o punto de vista histórico. Convén engadir que Cintra, no seu clásico traballo de clasificación dialectal de Portugal, publicado uns anos máis tarde, cartografa o Val de Ellas dentro do grupo dialectal *baixo-minhoto-duriense-beirão*, sen ningún tipo de marca especial. Non hai tampouco comentarios sobre a súa filiación lingüística; as poucas mencións adoitan ser en conxunto cos enclaves lingüísticos do lado español da fronteira, aínda que, falando da fronteira da palatalización do *u*, hai unha referencia ós "dialectos *galego-portugueses* de Eljas, Valverde e S. Martin de Trevejo" (Cintra 1971: 113n; a itálica é miña).

Para o debate sobre a adscripción lingüística son fundamentais os traballos de Clarinda de Azevedo Maia, quen explorou de modo exhaustivo na súa tese de licenciatura (defendida en 1965) a lingua do concello portugués do Sabugal, así como a das Ellas e La Alamedilla, do outro lado da Raia. Maia define a fala como "dialecto de tipo galego-portugués, caracterizado também pela presença de alguns traços tipicamente leoneses" (Maia 1977: 97). Estas e outras referencias a trazos leoneses servíronlle a Viudas Camarasa (1982) para soste que a fala é unha variedade de transición entre o galego-portugués e o astur-leonés; outros investigadores chegarán, incluso, a adscribila ó dominio leonés.

En 1992 publícanse dúas contribucións de Xosé Henrique Costas González, síntese dun traballo de campo realizado polo propio filólogo vigués na Semana Santa dese ano. Costas é unha das persoas que investigou con máis paixón, vitalidade e compromiso as falas de Xálama, converténdose nun dos maiores difusores da lingua e cultura desas terras. En 2013, Costas deu ó prelo o seu libro *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)*, que sintetiza dúas décadas de traballo sobre estas variedades. O filólogo vigués aproxima a fala ó galego, recuperando as hipóteses de Cintra. Dentro deste esquema, os falares do Ellas remontrían a unha lingua galega, xa constituída ou en vía de formación, transportada por colonos ata as terras do Riba-Coa e Sabugal; a maioría do territorio ficaría baixo dominio portugués en 1297, mediante o tratado de Alcañices, mentres que o Val do Ellas quedaría baixo a Coroa de Castela, libre do influxo do portugués beirão. Os diferentes traballos que se inscriben dentro desta postura teórica manexan diferentes etiquetas taxonómicas para a lingua falada no Val do Ellas que se poden dispor nun intervalo graduado que abrangue desde designacións como "falas esencialmente galegas" ou "falas de orixe galega" ata "*galego* de Cáceres" e que pode chegar ó extremo de denominar esas variedades como "galego", sen ningún tipo de matizacións, establecendo unha identidade entre a lingua moderna de Galicia e esa variedade de Cáceres<sup>4</sup>.

A cuestión da galegitude da fala converteuse nun eixo central no debate sobre estas variedades<sup>5</sup>. A maioría dos traballos das últimas tres décadas referiranse explicitamente a esta

<sup>4</sup> Así o presenta, sen ir máis lonxe, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia: [http://www.xunta.es/linguagalega/areas\\_galegofalantes\\_fora\\_de\\_galicia](http://www.xunta.es/linguagalega/areas_galegofalantes_fora_de_galicia) (consultada o 5 de xuño de 2014).

<sup>5</sup> Na década pasada, a polémica transcendeu de modo notable o ámbito da discusión entre especialistas para ocupar páxinas de xornais e horas de radio e televisión, con intervención incluso dos principais líderes políticos de Galicia e Estremadura;

cuestión, ben para confirmala, ben para refutala. Precisamente, a mencionada Maia, nun traballo dedicado xa especificamente á lingua de Xálama, onde expón a necesidade de acometer pescudas en diferentes perspectivas lingüísticas e históricas para poder manifestarse sobre a filiación da fala, chama a atención sobre aquelas posturas que defenden o carácter “galego” ou “fundamentalmente galego” da fala:

[...] pretendo salientar que, se desejarmos situar-nos no rigoroso ámbito da “explicación histórica” desses dialectos até ao momento proposta e que atrás evocámos, não consideramos cientificamente admissível a afirmação da sua galegidade linguística. Aliás, e enquanto não for feita a história desses dialectos do Noroeste da Estremadura, a sua vinculação deve ser estabelecida com o galego-português medieval e não o galego e o português actuais. Se essa comparação for efectuada com o antigo galego-português tal como este se depreende através de minuciosa análise textual, do “corpus” subsistente, esta revelará seguramente uma maior proximidade da variedade galega. A afirmação da “galegidade essencial” não pode decorrer da comparação, da consideração das afinidades com o galego actual e com a actual variedade culta normativa do português ou com a língua comum portuguesa —o que representa um grave erro de perspectiva—, mas com o diassistema do português, em cujo interior coexistência [sic] e co-ocorrem diferentes línguas funcionais, algumas das quais correspondentes às variedades diatópicas do português, sendo sobretudo significativas sob o ponto de vista que nos ocupa as variedades diatópicas setentrionais que apresentam muitos traços em comum com a língua da Galiza (Maia 2000: 83).

Uns anos máis tarde, Carrasco (1996: 140) escribe que:

creo que queda claro que no podemos considerar a este grupo dialectal del Valle de Jálama como a mera variante del portugués, sino como un dialecto que ha evolucionado autónomamente a partir del tronco común medieval galaico-portugués que daría origen, a partir del siglo XIV, al gallego por un lado y al portugués por otro. En cierta medida se trata de una tercera rama: la rama extremeña de la fértil familia lingüística que se extiende por el extremo occidental de la Península.

Deste modo, márcanse as diferenzas con outros falares lusófonos de Estremadura que corresponderían a procesos constitutivos posteriores e que mostrarían unha grande afinidade co portugués beirón e alentexano; cf. Carrasco (1997) e Carrasco (2007). Posteriormente (Carrasco 2000: 151n) matizará esta metáfora, acollendo unha suxestión formulada por Francisco Fernández Rei, sobranceiro profesor e investigador que tamén se achegou ó estudo da fala: “la imagen de que las hablas de Jálama, más que una ‘tercera rama’ del bloque galaicoportugués, fueron una pequeña rama que se cortó del gallego antiguo y se trasplantó a tierras extremeñas, donde pudo sobrevivir autónomamente, nos permite una visión más próxima a la realidad de los hechos históricos”. Interésame mencionar aquí Carrasco (2010), unha contribución que analiza criticamente un artigo de Xosé-Henrique Costas do ano 2001 que tentaba demostrar cuantitativamente as afinidades lingüísticas entre a fala e o galego, notablemente superiores ás manifestadas co portugués<sup>6</sup>. En palabras de Carrasco (2010: 12):

Bastam estes exemplos para verificar que existem muitos traços nos falares de Xalma que coincidem com o português — quer com o português padrão, quer com as variedades portuguesas centro-meridionais com que aqueles estão em contacto. É evidente que o método dialectométrico de Metzeltin e Winkelman não é o mais adequado para estabelecer a filiação deste dialecto galego-português da Estremadura espanhola, mas, apesar disso, uma revisão dos traços aí propostos não o afasta do português e aproxima-o do galego na medida em que o professor Costas González deduz da sua análise. Uma comparação rigorosa e demorada da língua portuguesa com os falares de Xalma revela que estes sofreram uma notável influência daquela, o que não podia ser de outro modo, dado que foi o português que “acompanhou”, histórica e geograficamente, os falares de Xalma desde a chegada dos colonos galegos e leoneses durante a Reconquista até aos nossos dias.

Para rematar esta breve síntese do estado da cuestión, darei conta dalgúns traballos de José Enrique Gargallo e José Antonio González Salgado. O primeiro, recoñecido investigador no cam-

véxase, por exemplo, <http://www.aplexextremadura.com/hemeroteca/2006/abril/23%20a%20fala%20conflicto%20entre%20Galicia%20y%20Extremadura> (consultada o 5 de xuño de 2014).

<sup>6</sup> Vólvese sobre isto en Costas (2013: 134-136), de modo pouco satisfactorio, no meu modo de ver.



po das fronteiras lingüísticas, ocupouse do Val do Ellas en numerosas ocasións, como Gargallo (2000), versión impresa da súa intervención no I Congreso sobre 'A Fala' celebrado no ano anterior. Nun dos últimos traballos publicados sobre o tema (Gargallo 2007: 34) deixa dito:

Y asimismo a zona romance consecutiva se ha de adscribir el enclave de San Martín, Eljas y Valverde. Que presente mayor afinidad con el romance gallego (constitutivo) que con el vecino portugués dialectal (consecutivo) a mí no me parece obstáculo para clasificar la fala de los tres lugares como parte del conjunto gallego-portugués peninsular. A la pregunta de si la fala es portugués o gallego creo adecuado responder que gallego-portugués, aun si se puede conceder que probablemente algo más "gallego" que portugués. Pero, en cualquier caso, no gallego sin más. Gallego-portugués tiznado de (viejos) leonesismos y cada vez más influido por la lengua-techo castellana. Encrucijada lingüística, orográfica, político-administrativa e histórica. Uno de los enclaves de mayor interés (a mi ver, por supuesto) del ámbito iberorromance.

O lingüísta José Antonio González Salgado é un sólido coñecedor do panorama dialectal de Extremadura, unha área que estuda con vagar na súa tese de doutoramento (2000) e no *Tesoro léxico de las hablas extremeñas* que dirixe. En González Salgado (2009b: 363-364) rexeita que se poida aplicar a etiqueta de *galego* para a fala:

En todo caso, mientras no se resuelvan todas las incógnitas que existen sobre el momento en que se repobló el valle y de dónde procedían exactamente los repobladores, creo que es más acertado apelar a un origen gallego-portugués de esta habla, haciendo referencia así a una época en que la escisión entre lo que hoy conocemos como gallego y lo que hoy conocemos como portugués todavía no se había materializado. Decir, sin ningún matiz, que en una parte de la Extremadura actual se habla gallego es, a mi modo de ver, una grave incorrección; proponer una normativa para las hablas de valle, basada en el gallego de hoy día, deja traslucir los intereses que se han creado desde Galicia, seguro que con muy buena fe, para poder decir que a cientos de kilómetros también se habla gallego; confundir —en definitiva— el gallego-portugués medieval con el gallego actual es una especie de anacronismo filológico sin precedentes.

## 2. OBOJECTIVOS, CORPO DO ESTUDO E METODOLOXÍA

En 2013 aparece o libro *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Extremadura)*, froito de dúas décadas de demorado traballo de Xosé-Henrique Costas sobre estas variedades. Esta obra contén unha sección VII.2.3. (p. 176-196) dedicada ó vocabulario do Ellas que asume o principio de que "no léxico do valego é onde máis se nota o seu carácter de fala galega arcaica e arraiana, de illa diferente ou sitio distinto rodeado de portugués beirão e castelán aleonesado" (Costas 2013: 176).

A maioría do corpus que se presenta nesa fonte está dedicado a designacións que, segundo o autor, están presentes en galego e no Val do Ellas, mais non nas linguas circundantes, unha circunstancia que serviría como apoio da hipótese da orixe galega destas falas. Non obstante, un exame superficial destas formas revelou que moitas delas si teñen, na realidade, unha correspondencia co portugués dialectal, non só no lindeiro Sabugal, senón tamén en terras máis afastadas. Por tanto, considerouse oportuno emprender un estudo sistemático destas formas, para comprobar ata que punto é posible separalas dos dialectos veciños.

En consecuencia, o obxectivo do presente artigo é a análise dos materiais lexicais que Costas (2013: 176-196) identifica como exclusivos do Val do Ellas (por exemplo, arcaísmos desaparecidos do galego e do portugués) ou como designacións que están presentes no galego, pero ausentes no portugués lindeiro<sup>7</sup>. Este artigo examinará de modo sistemático se este *léxico diferencial* está ausente realmente do portugués (ou nas variedades faladas do lado español da Raia) ou se estas afirmacións se deben a un coñecemento insuficiente da realidade dialectal da zona.

<sup>7</sup> Outra parte do corpus de Costas céntrase en semantismos particulares; isto é, en designacións que sufriron un cambio semántico con respecto ó significado habitual en galego e portugués. Por razóns de espazo, vinme obrigado a tratar este tema nun artigo específico, actualmente en avaliación.

En concreto, o corpus analizado abrangue 43 designacións. Non incluín as que se explicarían (Costas 2013: 184-187) por cruzamentos co castelán<sup>8</sup> nin tampouco formas como *causo*, *condo*, *coñocer*, *folhó* e *soide*, casos nos que creo que non priman consideracións lexicais, senón de fonética histórica, polo que a súa análise obrigaría a introducir outra perspectiva e outros recursos, o que alonxaría un artigo que xa é, de por si, demasiado longo para os estándares actuais das revistas científicas.

As fontes lexicográficas portuguesas consultadas de modo sistemático foron a 24ª edición impresa (1939) do dicionario *Cândido de Figueiredo* (CF) e, nas súas edicións electrónicas, o *Dicionário da Língua Portuguesa* da Porto Editora (P.Ed.), o *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (Prib.) e a 3ª edición do *Dicionário Eletrônico Houaiss da Língua Portuguesa* (Houaiss). No que respecta ás fontes dialectais, consultáronse os materiais inéditos do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG) (Saramago 2006), que está en proceso de edición, e diferentes monografías etnolingüísticas publicadas e inéditas que se conservan no Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (CLUL)<sup>9</sup>, así como os glosarios publicados na *Revista Lusitana* (RL). Dependendo do concepto en causa, tamén se acudiu a recursos como o *Corpus do Português* de Davies e Ferreira, o *Corpus Lexicográfico do Português* das universidades de Aveiro e Lisboa, ademais de recollas de léxico dialectal promovidas por grupos locais, como *O falar de Riba Cõa* (<http://capeiaarraiana.pt/category/arquivo-historico/o-falar-de-riba-coa>). Aínda que toda esta variedade de recursos proporciona unha boa visión de conxunto da lingua portuguesa, non se trata, nin moito menos, dun exame exhaustivo, xa que, desgraciadamente, os estudos dialectais sobre o portugués están bastante pouco desenvolvidos.

Aínda que este traballo está centrado nas correspondencias lexicais entre o Val do Ellas e Portugal, tamén se considerou oportuno examinar a lingua falada do outro lado da Raia, xa que algunhas formas presentadas como designacións propias do Val do Ellas realmente amosaban unha clara continuidade cos dialectos salmantinos e estremeños.

Cómpre sinalar que inclúo as formas citadas por Costas (2013) entre parénteses no encabezamento de cada sección; cando é necesario, inclúo unha breve cita ou paráfrase dos comentarios do filólogo vigués, para que sexa máis fácil seguir este artigo sen ter diante o seu libro. Lamentablemente, Costas case nunca especifica se unha determinada designación provén de recollas propias ou doutras fontes, nin tampouco hai referencias sobre o seu grao de vitalidade ou sobre a alternancia con outras designacións. Nalgúns casos, a consulta de fontes como Maia (1977), Rey Yelmo (1999), González Salgado (2000) ou a enquisa inédita do *Atlas Lingüístico de España y Portugal* (ALEP)<sup>10</sup> en Valverde do Fresno permitíume matizar os datos proporcionados por Costas; con todo, non se tratou dun confronto sistemático.

### 3. ANÁLISE DO CORPUS

#### 3.1. Formas con correspondencia plena no portugués da Beira

Inclúo aquí as designacións que están documentadas no portugués beirón (non só na área do Sabugal). Todas elas, con excepción de §6, aparecen tamén nos dicionarios e noutras áreas dialectais portuguesas.

<sup>8</sup> Habería cousas que discutir, con todo, nesa relación, como, por exemplo, a inclusión da forma *pilleira* ('borralleira') "formada con sufixo galego sobre a base lexical *pella*" (Costas 2013: 185), cando é un correlato perfecto en forma e significado do portugués *pilheira* (*pilha* + *eira*).

<sup>9</sup> A maioría desas monografías xa está dispoñible publicamente no *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português* (TLPGP) dirixido polo Instituto da Lingua Galega: <http://ilg.usc.es/Tesouro/> (consultado o 24 de marzo de 2014). Os materiais aínda inéditos do ALEPG e o fondo bibliográfico do CLUL están accesibles na universidade de Lisboa para calquera investigador interesado.

<sup>10</sup> Conservada na Biblioteca Pública Manuel Alvar, de Madrid.

§1. 'Cerdeira, *Prunus avium*' (*cerdeira, cereixeira*)

En varias ocasións sinalouse este par lexical como exemplo prototípico do que se deu en chamar a *maqueta dialectal*, isto é, a alternancia microdialectal no Val do Ellas de formas que son xeosinónimos macrodialectais en Galicia (Costas 2013: 183), o que, en certo modo, parece aducirse como proba da continuidade entre a lingua galega e as falas de Xálima. En palabras de Costas (2013: 180), para este caso concreto:

Media Galicia di *cerdeira* (a forma máis antiga) e a outra media di *cereixeira* (formada sobre o froito, a *cereixa*). No Ellas teñen as dúas formas, tanto na fala coma na toponimia. No portugués a forma *cerdeira* só é coñecida en puntos de Trás-os-Montes e na veciña Beira portuguesa só existe na toponimia, mentres que *cereixeira* é a forma común [...] neste caso as dúas formas galegas están plenamente vivas no Ellas.

Esta cita é unha boa mostra das insuficiencias que teñen varias das maquetas dialectais expostas por Costas. No caso que nos ocupa, afírmase que Galicia está bipartita entre *cereixeira* e *cerdeira*. Aínda que é verdade que son as formas absolutamente maioritarias no territorio galego, nada se di sobre a existencia de *cereixal* e *cereixón*, moi documentadas na parte suroriental de Galicia, precisamente unha das áreas sinaladas como lugar de orixe dos repoboadores galegos que se asentarían en Xálima (cf. Costas 2013: 91). Ademais, sostense que *cerdeira* só aparece como forma viva no portugués transmontano, unha afirmación sorprendente que se contradí con todos os datos dialectais, como se indicará a seguir. En resumo, nesta e noutras maquetas, cando só se compara unha parte das designacións, aparecen coincidencias abraiante que non o son tanto cando se observa o panorama dialectal completo, con presenza doutros tipos moi variados<sup>11</sup>.

Os datos inéditos do ALEPG constatan que *cerdeira* é resposta maioritaria en todo o norte de Portugal, con continuidade xeográfica case perfecta coa área de *cerdeira* no galego, salvo na parte máis oriental de Trás-os-Montes, onde dominan o seu masculino, *cerdeiro*, e as formas *cerejal* e *cerejeira/cerejeiro*. Mais a súa área non está confinada á zona setentrional, pois hai numerosos rexistros tanto na Beira Alta coma na Beira Baixa<sup>12</sup>, incluídas localidades raianas a unhas decenas de quilómetros do Val do Ellas: Reinas (1957) documéntaa en Nave de Haver e Poço Velho (Almeida) e no municipio salmantino de La Alamedilla; pola súa parte, Martins (1954) recóllea en Póvoa da Atalaia (Fundão).

Por tanto, a alternancia entre *cerdeira* e *cereixeira* que se sinala como elemento orixinal do Val do Ellas non deixa de ser o que acontece no portugués setentrional e central, incluído o beirón. Tampouco parece que sexa un exemplo acaído de *maqueta dialectal*, toda vez que hai outras variantes, ben documentadas no galego, das que non hai trazas nos Tres Lugares.

§2. 'Donicela, *Mustela nivalis*' (*dona, doniña, donicela, donociña*)

No Ellas coexiste a forma base *dona*<sup>13</sup> con diversos derivados dela: *doniña, donicela, donociña* etc., todas elas existentes tamén en Galicia. No Sabugal predomina a forma *doninha* e en Monsanto e terras de Idanha a forma *donezinha*. Na zona de fala castelá ou castelá-aleonesada veciña ningunha das diversas formas populares teñen como base a forma *dueña* ou *doña*. Costas (2013: 177-178).

De novo, esta descrición, clasificada dentro da tipoloxía de "maqueta dialectal" (vid. §1), dá a entender unha identidade lingüística diferenciada do Val do Ellas (con algún paralelo no Sabugal portugués para o que, en última instancia, tamén se podería acudir a un suposto repoboamento, cf. Costas 2013: 121). Porén, estas informacións resultan bastante incompletas cando se contrastan cos datos dialectais ó noso dispor.

<sup>11</sup> Outras maquetas dialectais propostas por Costas que se comentan neste traballo aparecen nas seccións §§ 2, 5, 7, 26, 27, 40, 43.

<sup>12</sup> Nas enquisas do ALEPG rexistrouse en Alconqosta (distrito de Castelo Branco), Figueiró da Serra, Monteiros, Sabugueiro e Vale da Mula (Guarda) e mais en Ester de Cima, Granjal, Malhada, Rãs e Tibaldinho (Viseu).

<sup>13</sup> No entanto, no mapa 2 (p. 244) non se representa esta forma *dona*. Non rexistro esta denominación en portugués, aínda que tampouco é moi frecuente en galego, xa que nin no ALGa nin en García (1985) aparece en solitario, só acompañada de especificador, como en *dona das paredes*.



A forma *doninha* é a voz de referencia no estándar, e moi maioritaria no portugués dialectal (cf. pregunta 216 do ALEPG), incluídos os distritos de Castelo Branco e Guarda, lindeiros co Val do Ellas. É discutible, no entanto, que sexa a forma maioritaria no Sabugal, onde Maia (1977) só a documentou nunha localidade, fronte a 8 rexistros do tipo *donezinha/donozinha*, sexa nese municipio portugués (Aldeia do Bispo, Aldeia da Ponte, Aldeia Velha, Batocas, Foios, Forcalhos e Lageosa), sexa na aldea salmantina de La Alamedilla. Estas últimas denominacións conforman unha área bastante compacta no interior de Portugal, concretamente nos distritos de Viseu e Guarda<sup>14</sup>, que exceden a difusa referencia a Idanha que fai Costas. Canto a *donicela*, cómpre mencionar a forma *donozilha* que aparece en dous puntos mirandeses da rede do ALEPG e que tamén documentou Maia (1977) en La Alamedilla, sinalando a existencia de formas semellantes en terras astorganas e maragatas.

Costas sinalaba que as zonas veciñas de fala castelá ou aleonesada ignoraban as denominacións eufemísticas creadas sobre continuadores do lat. *DOMINA*; porén, non están tan afastadas como puidera parecer, xa que Pato (2011: mapa 1) deixa constancia da forte presenza de formas dese tipo nas enquisas do ALPI en Zamora e Salamanca (excepto, é verdade, na parte máis meridional).

Por tanto, as dúas formas que se sinalan como maioritarias no Val do Ellas, e compartidas co galego, son tamén as respostas que predominan no portugués da zona, polo que non semella un exemplo acaído para falar de “maqueta dialectal”.

### §3. ‘Saltón (*cigañote, zaguñote, saltón*)

Costas (2013: 178) sinala que nos Tres Lugares existen unhas formas *cigañote* e *zaguñote*, semellantes ás designacións portuguesas veciñas, e engade que “mais no Ellas tamén existe a forma *saltón*, común co galego, coas formas castelás e coas falas portuguesas de Badallouce”. Porén, omite a existencia no portugués, con notable vitalidade, da forma *saltão* (e derivados).

*Saltão* ten entrada propia nos dicionarios, ás veces co marcador *popular*. No que respecta á súa distribución territorial, as enquisas inéditas do ALEPG revelan unha presenza notable no norte e no centro-norte de Portugal (distritos de Braga, Braganza, Coimbra, Porto, Viana do Castelo e Vila Real). No portugués das Beiras non se documenta a forma base, senón *saltarico*, creada sobre o verbo *saltaricar*. Este substantivo tamén aparece nos dicionarios e ten algunha presenza nos cuestionarios do ALEPG, fundamentalmente nos distritos da Guarda, Viseu e Vila Real, en terras non moi afastadas do Val do Ellas; de feito, documentouse tamén na Alamedilla (Maia 1977) e Nave de Haver (Reinas 1957).

### §4. ‘Tirar con forza, extraer’ (*arrancar, arrincar*)

Sinala Costas (2013: 181) que “as dúas variantes galegas, *arrincar* e *arrancar*, tamén están as dúas presentes nas falas do val, e non en falas portuguesas ou castelás veciñas”. O mapa 14 (p. 252) presenta a cuestión dun modo máis claro: no Val do Ellas alternarían *arrancar* e *arrincar*, mentres que o español e o portugués da zona terían apenas *arrancar*. Aínda que tamén conviría ter en conta aspectos fonéticos e de lingüística histórica, como nas mencionadas *causo* ou *folhó*, mantiven esta parella no corpus analizado, porque, aínda que non se presente baixo esa categoría, pode entenderse como outro exemplo máis de “maqueta dialectal”, con dúas formas galegas que aparecerían tamén no Val do Ellas, e non nas linguas veciñas.

A descrición proposta por Costas non se corresponde cos datos dialectais e lexicográficos dispoñibles. *Arrancar* é a forma de referencia do portugués estándar. A súa variante *arrincar* non está bendicida pola norma, mais ten entrada propia nos dicionarios de Cândido de Figueiredo e no Priberam, onde aparece definida como “corruptela de *arrancar*”, e o *Corpus do Português* documenta varios exemplos de uso ó longo dos séculos. Tamén está presente nos materiais dialectais portugueses; por cuestións de espazo referireime apenas a algúns rexistros da Beira. Gamas (1941) documenta *arrincar* na Vermiosa, unha freguesía do concello de Castelo Rodrigo,

<sup>14</sup> Ademais do ALEPG, véxanse Carvalho (1970) e RL XII, 313.

a uns 80 km do Val do Ellas. A pregunta 1045 *Arrancar (o linho)* do ALEPG contén varios rexistros de *arrincar*; fundamentalmente, no centro-norte do país (Braganza, Braga, Coimbra, Leiria, Viana do Castelo e Vila Real), mais tamén en Sortelha, freguesía do concello do Sabugal que se sitúa a uns 40 km do Val do Ellas.

§5. 'Ballón, golpe de chuva forte e de pouca duración' (*chorrá, chumbá, enchumbarse, garabaná*)  
Costas (2013: 181-182) sinala a existencia de:

tres formas autóctonas co sufixo *-ada* (golpe): *garabaná* (un *garabano* é un caldeiro en puntos de Ourense e Trás-os-Montes) [...]; *chumbá*, en mañego, porque a auga cae a chumbo [...] e por último temos *chorrá* en lagarteiro, unha «(en)xurrada de auga». No portugués estremeño [...] tamén rexistrámos *enxurrada, pancada e porrada de água*".

En realidade, é posible sinalar paralelos desas formas autóctonas do Val do Ellas na lexicografía e nos materiais dialectais portugueses. A carón das voces do portugués estándar *jorro* (e *jorrar*), o Prib. e o CF dan entrada, respectivamente, a *chorro* e *chorrar*, sempre dentro do valor semántico de 'saída impetuosa dun líquido'. En La Alamedilla documentouse a forma *churriar* "escorrer água" (Reinas 1957).

O dicionario CF conta coas entradas *chumbar*, definido como "molhar", e *enchumbar* "Pôr-se muito pesado, por se molhar", que acouta como provincianismo trasmontano. No entanto, a forma non se restrinxe a esa área, pois a propia Maia (1977) documenta *enchumbado* ("Totalmente embebido em água") en Aldeia da Ponte, a menos de 30 km do Val do Ellas; de feito, o Prib., na súa entrada *enchumbar*, xa engade o marcador "beirón" á etiqueta "transmontano".

Por último, cómpre referir a forma *gravanada* que aparece nos principais dicionarios do portugués, cun significado idéntico ó que nos ocupa nesta sección ("1. Bátega de chuva grossa e pouco duradoura. 2. Saravada, acompañada de vento", P. Ed.). Os datos do ALEPG mostran unha notable vitalidade desta forma en terras de Évora e Portalegre —non lonxe, por tanto, da Estremadura española— e algunhas pescudas etnolingüísticas documentan esta forma máis preto do Val do Ellas, en Nisa (Carreiro 1948) e Monsanto (Buescu 1961).

§6. 'Papas de millo' (*millará*)

Costas (2013: 176) considera esta designación como unha "creación propia" do Val do Ellas. Porén, hai testemuños do seu uso en localidades do portugués beirón. É verdade que a designación maioritaria nesa zona é *milharas*, recollida por Maia (1977) en diferentes localidades do Sabugal. Non obstante, esa mesma investigadora tamén rexistrou a forma *milharadas* "Papas de farinha de milho com leite e açúcar" na localidade portuguesa de Batocas, lendeira con La Alamedilla, non lonxe do Val do Ellas. Máis ó norte, na súa monografía etnolingüística sobre a fala da Vermiosa (Figueira de Castelo Rodrigo), Gamas (1941) inclúe unha entrada *milharada* "papas de milho".

§7. 'Sobreira, *Quercus suber*' (*sobreira, carrasqueiro*<sup>15</sup>)

Trátase doutra parella incluída por Costas dentro da tipoloxía de "maqueta dialectal" (cf. §1), isto é, reprodución no Val do Ellas dunha alternancia existente en Galicia. Agora ben, resulta difícil defender que *sobreira* e *carrasqueiro* designen o mesmo concepto en galego. Segundo se desprende das informacións de Losada, Castro e Niño (1992), *sobreira*<sup>16</sup> dá nome á corticeira (*Quercus suber*), mentres que *carrasqueiro* designa normalmente outras variedades de fagáceas, nomeadamente a aciñeira ou carrasca (*Quercus ilex*) ou o caxigo (*Quercus coccifera*); poida que

<sup>15</sup> Costas (2013) cita a forma *carrasqueira* na p. 176 e *carrasqueiro* na p. 183. Imaxino que a primeira mención é unha gralla. En Costas (2005: 132), que serve de base para este capítulo, fala apenas de *carrasqueiro*, mentres que en Costas (2007: 283), unha das fontes que emprega para esta análise lexical, aparece unha distinción entre *carrasqueiro* "alcornoque" e *carrasqueira* "carrasco"; no inquérito inédito do ALEP en Valverde, as respostas para este concepto son *carrasqueiro* e *alcornoque*.

<sup>16</sup> E tamén *sobreiro*, que ten moita vitalidade, mais que non está bendicido polo DRAG. Curiosamente, Costas non sinala a existencia desta forma masculina no Val do Ellas, a pesar de que foi rexistrada por Maia (1977) no mañego.

existan localidades esporádicas que se afasten deste patrón, mais non as vexo nas fontes dialectais e lexicográficas consultadas<sup>17</sup>.

En portugués, *sobreiro* e *sobreira* son as designacións habituais para a corticeira, ás veces como xeosinónimos perfectos, ás veces con algún matiz diferenciador (normalmente, o tamaño ou que manteña aínda a cortiza). Segundo os datos do ALEPG, os dous principais significados de *carrasqueiro* no portugués dialectal son 'aciñeira pequena' e 'sobreira nova ou pequena'<sup>18</sup>. En consecuencia, con algún matiz semántico, susceptible de desaparecer nalgunha localidade, o portugués dialectal coñece *sobreiro/a* e *carrasqueiro* para a corticeira, tal e como acontece no Val do Ellas.

#### §8. 'Artesa' (*maseira*)

Costas (2013: 182) sinala que no val do Ellas existe unha forma *maseira* que se opón á *artesa* dos veciños portugueses e casteláns<sup>19</sup>. Aínda que non a define, haberá que supor, por tanto, que se refire ó "recipiente grande de madeira, xeralmente con catro patas e tampa, máis estreito no fondo que por arriba, no que se amasa o pan" (DRAG).

Trátase dunha afirmación sorprendente, xa que en portugués é xeral o predominio de *masseira* para dar nome a ese utensilio. É verdade que os dicionarios de uso tamén teñen *artesa*, ás veces como sinónimo perfecto da primeira, ás veces como subtipo particular, mais a maior vitalidade de *masseira* está moi clara nos materiais dialectais portugueses, tamén nas zonas próximas ó Ellas. Nese sentido, pódese citar a Buescu (1961) e Martins (1954), que rexistran *masseira* en Monsanto, Póvoa de Atalaia, Sobral do Campo e Tinalhas; máis sobre a liña de fronteira, hai testemuños en Nave de Haver e La Alamedilla (Reinas 1957) e tamén en Cedillo (Vilhena 2000).

### 3.2. Formas con correspondencia no portugués estándar ou no portugués dialectal fóra da Beira

#### §9. 'Folla do piñeiro' (*muíña*, *muña*)

O portugués da zona usa *carumba* (portugués común *caruma* ou *agulha* do pinheiro), mentres que no valego do Ellas rexistramos *muíña* (existente en galego na Pobra do Brollón e en Vila de Cruces) e *muña* (propia tamén de Rubiá e Larouco). *Muíña* en galego son os restos miúdos de palla que quedan despois de mallala e é voz formada sobre *moer*. Costas (2013: 179).

Cómpre matizar varios aspectos desa afirmación. O portugués *moinha* tamén ten como significado habitual "fragmentos miúdos de palha que ficam na eira depois da debulha dos cereais" (P. Ed.), acepción desde a que é doada a translación semántica para dar nome á agulla do piñeiro, especialmente cando esta está seca. De feito, ese uso derivado é tan frecuente que a primeira acepción de *munha* nos dicionarios de referencia é, precisamente, "caruma seca" (Prib.).

É verdade que no portugués máis próximo ó val do Ellas emprégase *carumba* para as agullas do piñeiro<sup>20</sup>. Agora ben, coñécese *moinha* en toda esa zona para a palla seca, o que abre a posibilidade ó xa comentado desprazamento semántico. Ademais de que *munha* está aceptado no estándar para dar nome ás agullas do piñeiro, nos dialectos setentrionais está perfectamente documentado ese valor para *moanha*, *moinha* ou *munha*<sup>21</sup>.

<sup>17</sup> Infórmame amablemente un revisor deste artigo de que en Vilamartín de Valdeorras existe a forma *carrasqueiro* para designar unha sobreira pequena, ben cando é nova, ben cando se atrofia e non medra máis e ten máis aspecto de arbusto ca de árbore.

<sup>18</sup> Sinónimo de *chapparro*, por tanto. Documentase ese significado en Cardosa (Castelo Branco), Machede (Évora), Alta Moura (Faro), Foros do Arrão (Portalegre), Pereiro e Parreira (Santarém).

<sup>19</sup> Non obstante, Maia (1977) rexistra unha forma *artessa* en Valverde do Fresno e tamén o fai Rey Yelmo (1999) en San Martiño.

<sup>20</sup> Con todo, hai moitos rexistros de *caruma*, posiblemente superiores en número, aínda que non é unha cuestión relevante para este propósito.

<sup>21</sup> Así aparece no clásico estudo de Basto (1916), confirmado por traballos de campo posteriores, como Amorim (1971), sobre o concello de Baião (Porto), ou as propias enquisas do ALEPG nese distrito.

Hai que pór de manifesto tamén que o paralelo entre o galego e o *valego* é bastante feble. Por un lado, a presenza de *muíña/muñá* en Galicia é moi esporádica. Por outro lado, non é a resposta hexemónica no Ellas, onde Maia (1977) documentou designacións xenéricas como *rama de pino* ou *folha (de pino)*, que tamén aparecen na enquisa do ALEP en Valverde do Fresno.

#### §10. 'Mulo, mula' (*mu, múa*)

Segundo Costas (2013: 194), "no portugués actual a forma masculina tradicional foi substituída por *macho*, mentres que no feminino alternan as formas *múa* [sic] e *mula*". É verdade que a primeira das formas prevalece na lingua moderna, mais é prematuro falar de substitución. Non só os principais dicionarios de referencia do portugués estándar inclúen unha entrada *mulo* (e incluso *mu*), senón que os materiais dialectais mostran que os continuadores de *MULU*, aínda que minoritarios, están presentes ó longo de Portugal. Nos cuestionarios inéditos do ALEPG rexistráronse 7 ocorrencias de *mulo* (en puntos dos distritos dos Azores, de Aveiro, Braga, Faro e Viana do Castelo) e 1 de *muo* (Azores) e *mul* (Faro). No que respecta ó feminino, a forma *mula* é totalmente común, mais non se rexistrou *mua* nas fontes dialectais consultadas; con todo, ten lema propio en varios dicionarios (CF, PED, Prib.), ás veces co especificador diacrónico 'voz antiga'.

#### §11. 'Bubela, *Upupa epops*' (*popa, galo do campo, bubela*)

Como indica o propio Costas (2013: 179), a forma *popa* do Val do Ellas ten o seu paralelo en *poupa* (pronunciada a miúdo con monotongación), a designación practicamente sistemática no portugués para a *Upupa epops*. Por tanto, centrareime nas outras dúas denominacións.

A forma *boubela* (con algunha presenza tamén de *bubela*) é a resposta practicamente sistemática nas enquisas do ALEPG no distrito de Braganza e tamén ten unha presenza notable en Vila Real (cf. tamén RL XV, 337 e 348). O propio dicionario de CF faise eco desa circunstancia ó aporlle a etiqueta "transmontana".

A designación *galo do campo* explícase facilmente pola morfoloxía característica do penacho. Non atopo testemuños en portugués desta forma concreta, aínda que si hai outras lexías creadas sobre *galo*, polo que se trata dun procedemento coñecido na lingua. A propósito do portugués *galo merdento* que cita Costas (2013: 179), pode resultar interesante sinalar que esta motivación, explicada polo mal cheiro da bubela e a acumulación de feces nos seus niños, non é descoñecida no galego (véxase, por exemplo, Eladio Rodríguez, s.v. *bubela*).

#### §12. 'Día de Ano novo' (*aninovo*)

Sinala Costas que "sorprende tamén a aparición no Ellas dunha forma galega *aninovo*, fronte ao veciño portugués *ano bom* ou o *año nuevo* castelán" (Costas 2013: 181). Realmente, *Ano Bom* é unha das designacións portuguesas para o primeiro día do ano, mais non a única. De feito, *ano-novo* ten entrada nos dicionarios portugueses e na pregunta 1835 do ALEPG —que non ten moitas respostas, xa que pertence a unha parte do cuestionario que deixou de preguntarse na década dos 90 do s. XX— trátase da lexía máis frecuente. En particular, hai que mencionar un grupo de respostas [ʔnʔnovʔ], con especial relevancia en Évora e Portalegre.

#### §13. 'Trono, tronar' (*atró, atroar*)

Atopamos neste caso na fala do Ellas dous arcaísmos: o *atró* (< TONU) e *atroar* ou *troar* (< TONARE) [...]. En castelán veciño as formas son *trueno* e *tronar*, e en portugués veciño achamos *trebão* e *treboar* ou as variantes *torbão-turbão* e *torboar-troboar*. Costas (2013: 182).

Os arcaísmos que se sinalan para o Val do Ellas non son descoñecidos en portugués. Os dicionarios de referencia incorporan o lema *troar*, que ten como significado principal 'tronar', e tamén *atroar*, que adoita ter un significado un bocado máis xenérico ('retumbar, facer estrondo'), mais tamén con algunha referencia a tormentas.

No que respecta á súa vitalidade no portugués dialectal, resulta difícil valorala, xa que volve ser un concepto que só se preguntou nunha parte reducida da rede do ALEPG. De todas formas, rexistramos algúns testemuños esparsos de (*a*)*troar* en puntos de Braganza; nun deles (en concreto, Lanção) documéntase *atró* (feminino) para o trono. En calquera caso, estes rexistros son suficientes para cualificar de prematura a clasificación destas formas como “arcaísmos léxicos desaparecidos en galego (e en portugués)” (Costas 2013: 183).

#### §14. ‘Son’ (*soío*)

Segundo Costas (2013: 194), trátase dun arcaísmo procedente do latín SONITŪ, con vogal tónica non etimolóxica por analogía con formas como *ruido*; afirma, ademais, que en portugués existiu unha voz *soído* ata o s. XVI. Trátase, no entanto, dunha afirmación moi conservadora, xa que o *Corpus do português* contén varios rexistros datados no s. XVII e incluso no XVIII (na obra do padre Bluteau). Aínda máis, *soído* aparece nos catro dicionarios que tomei como referencia para elaborar a análise lexicográfica e só dous deles o marcan como pouco usado; con todo, como é sabido, a lexicografía tradicional, a través da copia sucesiva de obras anteriores e do uso pouco sistemático de marcadores diacrónicos ou diafásicos, pode dar carta de natureza a formas xa desaparecidas na lingua. Polo tipo de concepto do que se trata, é raro que sexa estudado nas pescudas dialectais, polo que non teño datos sobre a súa presenza na lingua oral.

### 3.3. Formas con correspondencia no portugués fronteirizo ou nas comunidades lusófonas de España e mais no castelán veciño

#### §15. Denominacións dos días da semana (*luns/lus, mércoles/mércores, xoves, venres/vernes*)

Costas (2013: 181) fai dúas afirmacións ó respecto. En primeiro lugar, sinala que no Val do Ellas consérvanse varias formas pagás perdidas en Galicia pola presión do castelán (mais que seguen vivas no galego eonaviego). En segundo lugar, refíre que “o portugués veciño ten as formas portuguesas comúns de orixe cristiá”. O exame dos materiais dialectais revela que a última afirmación é incorrecta e a primeira, incompleta.

Resulta totalmente habitual nas comunidades lusófonas do lado español da fronteira que se empreguen as formas pagás. Polo tipo de campo semántico ó que pertencen os días da semana, de presenza abafante en documentos oficiais, convocatorias, novas de xornais e medios de formación de masas, etc., é esperable que se incorporen na fala as denominacións da lingua-teito, que ás veces poden chegar a suplantar a forma orixinal. En La Alamedilla (segundo Maia 1977) coexisten as formas do “sistema cristián” e as do “sistema pagán”; máis ó sur, Matias (1984) constata que en Vila Real, S. Bento e Olivenza, tres localidades do mesmo concello, existen os dous sistemas de denominación dos días, con maior vitalidade do modelo coincidente co español. Por último, en Ferreira de Alcántara<sup>22</sup> Vilhena (2000) documenta un sistema no que só existen formas pagás, entre as que hai formas semellantes ás citadas por Costas no Ellas: [ˈlunis], [ˈmar-tis], [ˈmɛrkolis], [ˈθɔβis], [ˈbærnis].

En consecuencia, no que respecta ós falares de Xálama, o feito de que non existan formas comúns coas do portugués padrón non ten por que deberse necesariamente a que se trate dunhas voces traídas por repoboadores provenientes dunha zona que descoñecía o sistema cristián. Podería acontecer que, como en Ferreira de Alcántara, o contacto cotián co español, lingua da administración e dos medios, e a ausencia dun trato regular cos veciños portugueses, favorecesen o dominio das respostas do modelo “pagán” ata a súa definitiva imposición.

<sup>22</sup> Cun dialecto portugués moi arcaico, mal visto polos veciños, causa de pouca fidelidade lingüística no seo da comunidade. Trátase dunha localidade con moi pouco contacto con Portugal, a diferenza do que sucede con Cedillo.



§16. 'Fósforos' (*mistos*)

A designación habitual en portugués é *fósforos* ou *palitos/palhitos*. Non obstante, como tantas outras veces, as localidades de lingua portuguesa situadas nas proximidades da fronteira, dun e doutro lado, afástanse desa regra. Cómpre termos presente que se trata dun produto moi presente nas relacións de contrabando desde España cara a Portugal e, como é natural, a circulación da mercadoría implica tamén a do nome que lle está asociado.

A forma *misto* é común no castelán como sinónimo de *cerilla* (cf. "3. Cerilla (ll varilla con cabeza de fósforo)", DRAE). Os datos dialectais confirman o seu uso abundante no suroeste de Salamanca (ALCyL, mapa 601) e tamén en Gata (ALEP), a uns 25 quilómetros dos Tres Lugares. O portugués fronteirizo adoptou ese termo, cando menos en Ferreira de Alcántara (Vilhena 2000) e en La Codosera (ALEP); a forma pasou incluso ó Sabugal, onde a rexistrou Fernandes (1965), concretamente en Foios e Aldeia do Bispo, dúas poboacións lindeiras do val das Ellas.

§17. 'Chuvisca' (*molisnar*)

Costas (2013: 182) sinala a existencia dun verbo *molisnar*, que relaciona co castelán veciño *molliznar* e o sabugaleiro *molinhar*.

Habería que sinalar que esa forma non é descoñecida no portugués fronteirizo. Gomes Fradinho rexistrou *molisna* ("chuva miudinha") en terras do Alentejo, sen indicar os puntos exactos (RL XXXI, 101). Tamén a documentou Matias (1984), transcrita como *muližna* e *muli<sup>h</sup>na*, nas tres localidades oliventinas que examinou no seu traballo. No que respecta ó castelán, a pesar do que sinalara previamente no seu propio texto, o mapa 13 de Costas (2013: 251) ignora a forma *molliznar* e menciona apenas *llovisnar* (sic). Os datos dialectais mostran que a primeira das formas ten unha destacada presenza na lingua. En efecto, o ALCyL recolle *molli(z)na* en varios puntos salmantinos moi próximos ó Val do Ellas<sup>23</sup>, aínda que tamén se documenta no interior da provincia de Salamanca e mais en Ávila.

§18. 'Cear a medianoite, despois dun traballo ou dunha festa' (*repastar*)

Este concepto désígnase *ceia* no portugués actual, despois dun proceso de reorganización dos nomes das comidas que modificou a situación tradicional, semellante á galega: a *ceia* facíase ó caer o sol e o *jantar* era a refección do mediodía. *Repasto* e *repastar* aparecen nos dicionarios portugueses co seu significado etimolóxico ('volver levar [o gando] ó pasto'), mais tamén para referirse a un banquete ou unha comida colectiva abundante. Costas non menciona que Maia (1977) documentou estas formas en Vale do Espinho (Sabugal) co mesmo significado do Val do Ellas.

Estas formas son ben coñecidas do outro lado da fronteira. Aparecen co seu significado etimolóxico, mais non só. Xa Lamano (1915) daba conta dunha acepción específica ('pastar a medianoite no inverno as ovellas ou as cabras') desde a que é ben doado o salto semántico ó significado 'cear a medianoite'. De feito, este é un significado habitual por toda a zona. Iglesias Ovejero (1990) rexistra na comarca do Rebollar o verbo *repastal* "Tomar algo durante el serano después de la cena" e menciona outros testemuños estremeños e salmantinos.

### 3.4. Sen correspondencia documentada co portugués, mais si co castelán veciño

§19. 'Vagalume, *Lampyrus noctiluca*' (*coco de lume*<sup>24</sup>)

As designacións xenéricas do tipo *coco* para dar nome a pequenos animais, especialmente os insectos, son habituais na Romanía (Bec 1962). Con todo, é un procedemento pouco presente no galego ou no portugués actuais para dar nome ó vagalume, un insecto para o que existen infinitas motivacións que se foron sobrepondo ó longo da historia. González & Bugarín (2003: 195) comentan que ten algunha vitalidade na zona oriental e o TLPGP contén dous rexistros de

<sup>23</sup> Sa301 (Villavieja de Yeltes), Sa502 (Navasfrías) e Sa503 (El Saúgo).

<sup>24</sup> Esta é a única forma que cita Costas (2013: 178). Non obstante, habería que engadir a lexía composta *coco da luz*, documentada no lagarteiro (Maia 1977) e no valverdeiro (ALEP).

*coco relumbrón* en Porto e Hermisende (Zamora). Poucos quilómetros máis abaixo, pero xa en territorio lingüístico mirandés, o ALEPG documenta en Guadramil (Rio-de-Onor) a lexía *coco relumbrão*, un tipo designativo que non aparece nas fontes dialectais portuguesas, nin sequera en Hammermüller (2011), que manexou o exhaustivo conxunto de enquisas do ILB. É posible que a expansión de formas como *caga-lume*, *luzecu*, *arincu*, *pirilampo*<sup>25</sup>, etc. fíxese esmorecer en portugués as designacións creadas sobre *coco*.

En contraste con esta relativa ausencia en Galicia e Portugal, trátase dunha designación moi frecuente en terras leonesas, zamoranas e salmantinas. O mapa 426 do ALCyL contén numerosos exemplos de *coco lumbrero* e de *coco de luz*, que parecen continuar en Estremadura, pola información constante no cuestionario do ALEP en Gata ou no clásico traballo de Zamora Vicente sobre a fala de Mérida (*apud* González Ferrero 2013, s.v. *coco de luz*).

Por tanto, a coincidencia entre as denominacións do sueste galego e as do Val do Ellas é menos sorprendente cando se contempla desde unha perspectiva máis ampla, a existencia do proceso designativo «*coco* + ‘de luz, de lume’» desde as terras leonesas ata Estremadura, en diferentes variedades lingüísticas.

#### §20. ‘Xílgaro, *Carduelis carduelis*’ (*xilgueiro*)

Costas (2013: 179) comenta que existe un “xebramento prefecto entre o portugués veciño *pintassilgo* (e variantes), o valego *xilgueiro* e o castelán *jilguero*”. Creo que habería que falar máis ben dunha bipartición entre Portugal (onde *pintassilgo* é hexemónico no portugués dialectal actual) dun lado e o Val do Ellas e o resto de España, doutro. E dentro deste segundo grupo non existe unha diverxencia sistemática nas respostas, como se podería deducir do texto de Costas. No Val do Ellas tamén existen formas con velar inicial, castelanismos ou cruces co castelán (cf. *jilguero* e *jilgueiro* no ALEP en Valverde). Por outra banda, as falas do suroeste de Salamanca e noroeste de Cáceres coñecen con abundancia formas sen velar inicial, mais con fricativa postalveolar: *xilguero* ou *hilguero* (con aspiración); cf. Espinosa (1935: §§123, 125). Trátase, por tanto, dunha situación complexa que merece un exame máis detallado.

#### §21. ‘Friaxe da mañá’ (*recencio*, *rexelo/roxelo*)<sup>26</sup>

Costas (2013: 191) pon en relación *recencio* cun adxectivo portugués *rezeno* que significa “húmido, mal seco” (P. Ed.) e tamén menciona que Aníbal Otero documentou o uso en Barrancos de *recencio* como ‘orballo’.

Habería que engadir que esta última forma ten entrada propia no DRAE cunha definición ben acaída ó significado que aquí nos ocupa: “Efectos del cierzo, como el frío y la escarcha”. Tanto esta forma coma *cencio* (“Viento frío, escarcha, niebla”) son cualificadas de salmantismos na obra académica. Non obstante, úsase abundantemente noutras zonas, como demostra o extenso levantamento de González Ferrero (2013, s.v. *resencio*):

La misma voz [*cencio*] u otras variantes aparecen en los siguientes trabajos: Diego, *Diccionario*, en Extremadura, y *recencio*, *recienzo*, en Salamanca, Llorente, *Salamanca*, *recencio*, Marcos, *Béjar*, *recencio*, y documenta *resencio* en Alburquerque, Lamano, *Salmantino*, *recencio*, *recienzo*, Zamora, Mérida, Sánchez, *Medina*, *recencio*. Fuera del dominio leonés localizo la forma con género femenino, *recencia*, ‘vientecillo fresco’, en Torre, *Cuéllar*.

### 3.5. Formas sen correspondencia no portugués ou no castelán veciño

Cómpre termos presente que moi poucas destas palabras están documentadas tamén en Galicia. De feito, varias delas —en particular, *borrallá* (§23), *charavela* (§31), *correndela* (§24) e *enga-*

<sup>25</sup> A propósito desta forma, Costas (2013: 178) comenta que se trata dunha “creación tabú da clase dirixente lisboeta de principios do XX para evitar a forma maioritaria entre o pobo *luzencu*”. Cómpre matizar esa afirmación. A forte extensión desa forma no portugués dialectal suxire unha cronoloxía anterior e, neste caso, existe un testemuño lexicográfico que corrobora esa suposición: *pirilampo* xa ten entrada no vocabulario de Bluteau (1720), quen remonta esa creación ás *Conferencias Académicas* de 1696, organizadas por D. Francisco Xavier de Meneses, 4º Conde da Ericeira.

<sup>26</sup> Para *rexelo/roxelo*, véxase §39.

*relón* (§25)— foron agrupadas por Costas (2013: 196) baixo a definición “formas tan galegas —e asemade tan descoñecidas no galego da Galicia administrativa—”.

#### §22. ‘Repolo’ (*repolo*)

Costas (2013: 177) coloca esta forma dentro da categoría de léxico que non está presente nas falas veciñas beiroas, mais si no galego. É certo que non existen testemuños de *repolo* no portugués<sup>27</sup>. Ora ben, cómpre explicar que o que sucede é que a forma hexemónica en Portugal non é a designación patrimonial, senón un castelanismo do que xa hai trazas no s. XVI. Como é sabido, o portugués sufriu unha forte entrada de termos do español, e non son poucos os casos en que o portugués e o castelán comparten a mesma forma, mentres que o galego se mantén fiel á forma evolucionada regularmente (*castelán-castelano, pena-penha* etc.). Non é, por tanto, un termo ben acaído para o confronto interdialectal.

#### §23. ‘Magosto’ (*borrallá*)

A denominación explícase porque asan as castañas do magosto directamente na borralla (Costas 2013: 180). En Trás-os-Montes existe a *borralhada de batatas* cunha motivación semellante<sup>28</sup>, e nesas terras tampouco é descoñecido o procedemento de deitar as castañas directamente nas cinzas. Non obstante, non atopo esta forma nas fontes consultadas. Habería que precisar, con todo, que non se trataría da única designación existente no Val do Ellas, pois Maia (1977) tamén documenta *magusto* en Valverde.

#### §24. ‘Cremalleira’ (*correndela*)

Referida en Costas (2013: 196). Polo tipo de obxecto estudado e a súa cronoloxía, non se trata dun concepto que se poida encontrar con facilidade nas fontes dialectais. Rexistro algún caso de *andar de correndela* no asturiano coloquial<sup>29</sup>, equivalente á *correndilla* do castelán (“Acción de ir o pasar corriendo un corto trecho”, DRAE). Pode que se trate dun cruzamento desa forma con *corredera*, unha das designacións do castelán para a cremalleira (“4. f. En ciertas máquinas o artefactos, ranura o carril por donde resbala otra pieza que se le adapta”, DRAE), do que hai rexistros en terras estremeñas e andaluzas (Casado Velarde 2002: 113).

#### §25. ‘Recipiente para dar de comer ós animais’ (*engarelón*)

Non rexistro esta forma, referida en Costas (2013: 196), nos materiais dialectais consultados. Quizais se trate dunha especialización semántica a partir dunha forma *angarela*<sup>30</sup>, “Conjunto de fueiros com que se ampara a carrada de palha ou feno” (Prib.).

#### §26. ‘Estaca para soste a carga, fungueiro’ (*funqueiro, estalocho/estaluncho*)

As designacións habituais no portugués para este concepto son *fugueiro/fueiro* e *estadulho*. Non atopo rexistros, nos materiais dialectais de Portugal consultados, das formas que se sinalan para o Val do Ellas en Costas (2013: 176, 183).

#### §27. ‘Teixugo, Meles meles’ (*porcoteixo*)

Indicado en Costas (2013: 176, 183), como exemplo de maqueta dialectal (*teixugo/porco teixo*). Non rexistro esta forma nos materiais dialectais portugueses. Non obstante, está ben documentado un procedemento designativo semellante: en máis dunha ducia de puntos da rede do ALEPG recolleuse unha resposta *te(i)xugo-porco*<sup>31</sup>, normalmente para especificar un tipo particular entre as diferentes clases de teixugo que distinguen os falantes. Cómpre sinalar tamén que diferentes fontes documentan outras respostas no Val do Ellas. Maia (1977) recolle *tejôu* no

<sup>27</sup> Localizo apenas un rexistro de *repolo*, pero é no punto Bragança-2 do ALEPG, que corresponde á localidade de Guadramil (Rio de Onor), onde existen falas asturleoneseas; en Bragança-1 (a propia aldea de Rio de Onor), a resposta para o mesmo concepto foi *cogolo*, tamén sen palatal lateral.

<sup>28</sup> <http://www.youblisher.com/p/506026-Comeres-Bragancanos-e-Transmontanos/> (páxina 59) (consultado o 22/3/2014).

<sup>29</sup> <http://www.foro-ciudad.com/asturias/carcarosa/mensaje-1413217.html> (consultado o 22/3/2014).

<sup>30</sup> Forma pouco usada, non obstante, porque a máis habitual en portugués é o castelanismo *angarilha*.

<sup>31</sup> Nun deles, A4 (Carvoeiro), coa orde *porco texugo*.

mañego, variedade na que Rey Yelmo (1999) rexistra *texón*; as enquisas do ALEP en Valverde conteñen un claro castelanismo *tejón*.

§28. 'Abertura ou cavidade, buraco' (*buraco, buso, turaco*)

Comentadas en Costas (2013: 176, 187). A primeira das formas é voz común en portugués, e en boa parte das provincias de Salamanca e Zamora. De *turaco* non atopo rexistros modernos nas fontes dialectais e lexicográficas, só nun texto de 1431. Finalmente, para a forma *buso*, ben coñecida en dialectos italianos, non atopo correspondencias en portugués. O ALEP e Rey Yelmo (1999) só documentan *buraco* no Val do Ellas.

§29. 'Carabuña da oliva' (*canoço*)

Costas indica algunhas posibles explicacións etimolóxicas en Costas (2013: 187). Non a localizei nos materiais consultados; non se trata, con todo, dun concepto que apareza con frecuencia nas fontes lexicográficas e dialectais.

§30. 'Tornecelo' (*tobelo*)

Non localizo *tobelo* (Costas 2013: 195) nas fontes consultadas. Con todo, non é forma única no Val do Ellas; Maia (1977) rexistra o castelanismo *tobillo* en cada unha das cabeceiras dos Tres Lugares e mais en La Alamedilla.

§31. 'Petador da porta' (*charavela*)

Non documento esta forma, proporcionada por Costas (2013: 196), nas fontes consultadas dun e doutro lado da Raia. Pódese pensar que se trata dun dos omnipresentes continuadores do lat. *CLAVICULA* e poñela, nese sentido, en relación con formas como *caravelha/cravelha* —peza de madeira de numerosos usos, como servir de tranca para pechar cancelas e xanelas (Buescu 1961)— ou *chavelha* —pequena peza do carro ou do arado—.

### 3.6. Formas documentadas no portugués cun significado idéntico e significantes moi próximos

§32. 'Espirse' (*encoirarse*)

Coméntase este verbo en Costas (2013: 177). Os verbos *encourar* e *encoirar* son ben coñecidos na lexicografía portuguesa e na lingua falada cos significados 'revestir de coiro' e 'crear nova pel [unha ferida]'. Porén, tamén están ben documentadas as locucións *em couro* / *em coiro* / *em coira* como sinónimos de 'nu'; é mais, os datos do ALEPG mostran unha especial vitalidade desas frases no portugués beirón. Non sorprendería, por tanto, que se crease sobre elas un verbo que expresase a acción de quitar a roupa.

§33. 'Esnaquizar' (*esmorcelar*)

A falta de contexto no texto de Costas (2013: 196) impide precisar se se aplica a algún labor específico ou é un significado xeral. Os dicionarios portugueses conteñen un par de formas moi próximas no significado e no significado. A primeira é *esmorçar*, "Desbastar e amaciar o pêlo, para o fabrico dos chapéus" (Prib.). A segunda forma é *esborcelar*, que o P.Ed. dá como variante de *esborcinar*, "1. Quebrar as beiras ou os bordos de; esbotenar; esborcelar; escalavrar. 2. Cortar pelas bordas". Fóra da lexicografía, documento na internet o verbo *desmorcelar*<sup>32</sup> ('cortar pedaciños de carne para facer morcelas'), que ten un paralelo no verbo castelán *desmorcillar/esmorcillar* documentado no val de Vidriales (Zamora), "romper el borde de las tazas, platos, vasos o cazuelas"<sup>33</sup>.

<sup>32</sup> <http://charcuterie-artisanale.blogspot.com.es/p/les-phases-de-labattage-laver-le-cochon.html> (consultado o 13 de marzo de 2014).

<sup>33</sup> <http://www.furmientu.org/07Vocabularios2011/03VocabularioValleVidriales.pdf> (consultado o 13 de marzo de 2014).

### 3.7. Outros casos

#### §34. 'Bolboreta' (*maripoisa, mariapoisa*)

Como indica o propio Costas (2013: 178), no portugués existen formas deste tipo. Cómpre precisar, no entanto, que non se trata dunha designación moi frecuente no portugués oral; case non hai testemuños no ALEPG (apenas un rexistro, en zona mirandesa) nin en rexistros dialectais. O panorama dialectal da zona é bastante máis variado do que se deduce da escolla de respostas de Costas e do seu mapa 8 (p. 248); por exemplo, Fernandes (1965) e Maia (1977) documentan formas como *cabalinho*, *papalosa* ou *papoila* en terras do Sabugal.

#### §35. 'Migrada, migradeira; *Punica granatum*' (*migrá*)

Tanto o valego coma algunhas falas do Sabugal e Monsanto, como ocorre tamén con algunhas falas de Trás-os-Montes, teñen formas derivadas de MILE GRANATA, en troques do latín común MELA GRANATA: *migrá*, nas Ellas, *migrada* en Sabugal e *merigrada* en Monsanto [...]. No resto do dominio portugués danse as formas *romã* e *romãzeira*, *romêra* e *romanêra* [...]. Costas (2013: 179-180).

Cómpre matizar a afirmación sobre os tipos *romã/romãzeira*. É verdade que hoxe o dominio desas formas é case absoluto, sobrepóndose a outras áreas lexicais máis antigas. Con todo, aínda hai notables vestixios dos continuadores de MELA/MILE GRANATA en portugués, máis alá do que se intúe coa referencia a "algunhas falas". Máis da metade dos puntos do ALEPG no distrito de Braganza onde se recolleu resposta para este concepto rexistraron formas do tipo *milgrada*, corroborando unha vitalidade que xa puxeran de manifesto recollas anteriores (cf. RL XIII, 120; RL XXXI, 176 e RL XXXIII, 302). No Sabugal ten moita vitalidade, como poñen de manifesto as visións de microdominio que proporcionan Fernandes (1965), Braga (1971) e Maia (1977).

Máis ó sur do Sabugal hai unha presenza notable das variantes *margada* ou *merigada*, cunha extensión bastante maior da que dá a entender o texto de Costas. O ALEPG mostra que son ben coñecidas en todo o concello de Idanha-a-Nova, non só en Monsanto, senón tamén en Salvaterra do Extremo e Rosmaninhal; ademais, Martins (1954) documenta estas formas en varias localidades do concello de Castelo Branco.

#### §36. 'Fáisca, partícula que salta dun corpo que arde' (*fanisca*)

Costas (2013: 187) define como sorprendente a presenza desta forma cun -n- intervocálico non etimolóxico e suxire varias hipóteses, entre elas o cruzamento con *fona*, sinónimo perfecto de *fáisca* en portugués. O feito é que *fanisca* non é descoñecida no portugués dialectal, aínda que as referencias son poucas e imprecisas, motivo polo que inclúo este parágrafo na sección de "outros casos". O dicionario Cândido de Figueiredo ten unha entrada *fanisca*, acompañada do marcador "provincianismo"; a páxina web *O falar de Riba Côa*<sup>34</sup> tamén constata o seu uso na zona portuguesa lindeira co Ellas, mais tampouco marca unha localización exacta.

#### §37. 'Ensuciar; persoa ou cousa sucia' (*lixar, luxar, lixoso*)

Costas (2013: 181) sinala como "novidosa" a presenza do adxectivo *lixoso/a* no Val do Ellas. Agora ben, cómpre matizar que non é unha forma descoñecida nin no portugués estándar nin na lingua da zona. O propio *Dicionário da Língua Portuguesa* da Porto Editora inclúe no seu lemario un adxectivo *lixoso* con este significado: "que tem lixo; sujo; imundo". Ademais, Vilhena (2000) documenta en Ferreira de Alcántara, a medio centenar de quilómetros do Val do Ellas, unha forma *lichoso*, coa seguinte definición e exemplo de uso: "Sujo. *A roupa está ['θufiɐ] ou [li'tʃɔθɐ]*".

En canto ós verbos, cómpre indicar que existiu en épocas pasadas ese valor para *luxar* —véxase, por exemplo, a entrada *luxar* "id est sujar" no *Thesouro* de Bento Pereira (1697)—, mais non se documenta con facilidade actualmente.

<sup>34</sup> <http://capeiaarraiana.pt/2013/06/29/o-falar-de-riba-coa-o-lexico-57/> (consultado o 6 de marzo de 2014).



§38. 'Chan' (*solu*)

Costas (2013: 194) considera a forma *solu* en Xálama como un arcaísmo, a diferenza do galego *solo*, penetrado por vía culta. Ese proceso acontecería tamén no portugués, como testemuña Bluteau no seu *Vocabulario*, onde anota que "he usado dos Jurisconsultos em lugar de chão". En calquera caso, no portugués actual é unha forma totalmente habitual, non só na lingua culta, senón tamén na lingua popular, onde pode designar a superficie da terra, o pavimento das casas (cf., por exemplo, a pregunta 1532 do ALEPG, *chão*) ou tamén a parte inferior do pan.

§39. 'Friaxe da mañá' (*recencio, rexelo/roxelo*)<sup>35</sup>.

Referido en Costas (2013: 191). Cómpre mencionar o portugués *regelo*, de verbal de *regelar* "Tornar ou ficar gelado" (Prib.).

§40. 'Carballo, *Quercus robur*' (*carballo, rebolo*)

O portugués desta zona só coñece a forma *carvalho* [...], mentres que no Ellas *carballo* e *rebolo* son sinónimos [...]. O valego do Ellas fai sinónimos dous termos que en Galicia teñen unha distribución dialectal: *rebolo* no leste e sueste e *carballo* no resto do noso dominio lingüístico. Costas (2013: 179).

O portugués coñece un adxectivo *rebolo* co significado de '[árbole] silvestre, brava', que se asocia esencialmente ó castiñeiro e que ten especial vitalidade na Beira e en Trás-os-Montes (CF, Prib.). Con todo, tamén se pode aplicar ó carballo. Maia (1977) documentou a forma *reboleiro* ('carballo novo') en numerosas localidades do Sabugal (Aldeia Velha, Batocas, Forcalhos, Lageosa, Vale de Espinho); ademais, menciona que se trata dunha forma empregue en Astorga e na Maragatería. Este significado tamén está presente no asturiano (cf. DGLA, s.v. *rebollu*).

§41. 'Leituga, *Lactuca sativa*' (*leituga*)

Costas (2013: 177) inclúe a forma *leituga* dentro dos tipos lexicais que non existen nas falas das Beiras, mais si en galego. Esa afirmación non é correcta. O que habería, en todo caso, sería un problema de descrición semántica, pois a voz *leituga* existe en Portugal para dar nome a unha gran cantidade de vexetais, mais non á *Lactuca sativa*, que se denomina, polo xeral, *alface* e *salada*.

Nas entradas lexicográficas, *leituga* aparece, dun xeito impreciso, como designación asociada ás plantas da familia das asteráceas (coñecidas tradicionalmente como "compostas"), que comprende uns 1600 xéneros (entre os que está, por certo, o *Lactuca*) e máis de 23000 especies. Nos materiais inéditos do ALEPG é unha das respostas máis frecuentes para o dente de león (*Taraxacum* sp) e seguramente a esta planta ou a outras de fasquía semellante hai que adscribir as definicións xenéricas ("planta da familia das compostas") presentes nos traballos de Buescu (1961) ou Costa (1961). Noutros casos, a definición é algo máis elaborada, aínda que non se adianta moito no que respecta á identificación dunha especie concreta; Carvalho (1970) —que explora Sátão, no concello de Viseu—, define *leitugas* como "ervas utilizadas para alimento dos porcos e que nacen no meio do centeiro"<sup>36</sup>.

Aínda que minoritarios, hai algún caso onde se documenta un significado máis próximo ó que aquí nos ocupa. Braga (1971), que explora Quadrazais, unha freguesía do concello do Sabugal, recolle *leituga* co significado de 'acelga' (*Beta vulgaris*). Nas bases de datos de nomenclatura botánica tamén é posible encontrar designacións formadas sobre *leituga* (*leituga-branca*, *leituga-brava*...) para algunhas plantas do xénero *Lactuca*<sup>37</sup>.

Esta forma, seguramente por vía do castelán, como denuncia a súa morfoloxía, non é descoñecida nas localidades fronteirizas. Reinas (1957) documenta *lechuga* en Nave de Haver e La Alamedilla e *leichuga* en Poço Velho.

<sup>35</sup> Para *recencio*, véxase §21.

<sup>36</sup> Unha definición semellante ("planta herbácea espontánea, de suco leitoso, muito usada na alimentação dos coelhos domésticos") aparece na entrada dun blogue sobre o léxico do Riba Côa: <http://capeiaarraiana.pt/2014/01/04/o-falar-de-riba-coa-o-lexico-83/> (consultado o 4 de marzo de 2014)

<sup>37</sup> Véxase, por exemplo, [http://jb.utad.pt/especie/lactuca\\_viminea](http://jb.utad.pt/especie/lactuca_viminea) (consultado o 4 de marzo de 2014).

§42. 'Aforrar' (*estoxar*)

Para o significado de aforrar, no Ellas utilízase *estoxar*, verbo formado sobre *estoxo* (< STUDIU), porque os cartos se gardarían nunha caixiña, nun estoxo, de igual maneira que se conserva en falas da montaña de Verín. En portugués veciño emprégase a forma normal portuguesa *poupar*. Costas (2013: 181).

Porén, o filólogo vigués non menciona que en portugués existe o verbo *estoxar* 'gardar nun estoxo'. Desde esa acepción, é moi doado o paso ó significado 'aforrar', como se reflicte perfectamente na definición que deu Maia (1977) do verbo *estoiçal* que documentou no lagarteiro: "guardar avarentamente o dinheiro".

Daniel Berjano inclúe unha forma *estoxar* "ahorrar, economizarse alguna cosa" entre as palabras que envía a Menéndez Pidal como voces da Serra de Gata (con exclusión expresa das variedades dos Tres Lugares) que non aparecen no DRAE<sup>38</sup>. E non se trata do único testemuño, con valores semánticos ben diferentes, localizado en terras próximas (cf. Pascual 1990). Finalmente, ten interese mencionar a forma *estoxar* que documenta Rivas Quintas (1978) no norte da provincia de Ourense: "Racionar, tasar, medir (Fondo de Vila): *Fun estoxando a herba pró inverno*".

§43. 'Chícharo' (*chichare, ervilla*)

Costas (2013: 176, 183) inclúe esta parella de formas como un exemplo máis de alternancia de xeosinónimos, de "maqueta dialectal". Como acontece a miúdo no seu texto, non ofrece explicacións sobre o significado desa parella, polo que haberá que supor que se refiren á *ervella* (*Pisum sativum*). Iso parece claro no segundo elemento citado, mais non para o primeiro, como se desenvolverá a seguir.

Rey Yelmo (1999), investigador do vocabulario mañego, recolle a forma *chícharu*, que define como "judía careta" (isto é, a *Vigna unguiculata*, coñecida normalmente en portugués como *feijão-frade*). Anos antes, Maia (1977) documentara *chícharo* en seis localidades portuguesas do Sabugal e en dúas españolas (La Alamedilla e San Martiño de Trebello), clasificada como "variedades de feijão". Para o *Pisum sativum*, Maia (1977) —en todas as cabeceiras dos Tres Lugares— e mais o ALEP —no seu único punto de enquisa, en Valverde— documentan apenas o castelanismos *guisante*.

En portugués, *chícharo* designa normalmente o pedrelo (*Lathyrus sativus*), cunha semente semellante á do tremoceiro (*Lupinus sp*), que precisamente se coñece en galego como *chícharo de raposo* ou *chícharo bravo*. Agora ben, tampouco é descoñecido o seu uso como sinónimo de *feijão-frade*, e diso dan fe dúas monografías que estudan o portugués dialectal de zonas relativamente próximas ó Val do Ellas: Braga (1971) e Carvalho (1970).

Como é sabido, nas designacións das leguminosas hai frecuentes saltos dunha especie a outra, e non resulta estraño tampouco que unha mesma forma poida dar nome a diferentes variedades, tanto en solitario coma acompañada de modificadores<sup>39</sup>. A maioría das evidencias dialectais sinalan que *chíchare* designa nos Tres Lugares un tipo de feixón e que esa forma ten continuidade no portugués dialectal e noutras áreas (por exemplo, *chíchari* "alubia pequena" en El Rebollar, segundo Iglesias Ovejero 1990).

Habería que coñecer as fontes de Costas para saber cal é o referente exacto. En calquera caso, aínda que se documentase tamén como designación para o *Pisum sativum*, sería errado falar de "maqueta dialectal" no sentido de dar a entender unha continuidade co léxico galego que non se dá coas falas veciñas. A forma *chícharo* está perfectamente documentada con ese valor en Estremadura e Andalucía, como se pode observar, entre outras referencias, no mapa 2 de Saramago (2012) ou en Casado Velarde (2002: 101), con referencias a Don Benito e outras localidades estremeñas.

<sup>38</sup> <http://www.paseovirtual.net/biblioteca/digitalizadoBVE/berjano.pdf> (consultado o 27 de marzo de 2014).

<sup>39</sup> Véxase Saramago (2012) para un exame desta cuestión no terzo occidental da Península Ibérica.

## 4. CONCLUSIÓNS

Examináronse 43 formas dialectais do Val do Ellas que en Costas (2013) aparecían incluídas en diferentes categorías que, dun modo ou outro, tecían pontes co léxico dialectal galego ou resaltaban o carácter de “illa diferente ou sitio distinto rodeado de portugués beirão (sic) e castelán aleonesado” (Costas 2013: 176) dos Tres Lugares. Non obstante, a análise da presenza desas designacións no portugués dialectal e estándar, así como no castelán máis próximo ó Val do Ellas, revelou que existen máis semellanzas do que diferenzas, a pesar de estarmos diante dunha enumeración de formas supostamente “diferenciais”.

Oito das designacións analizadas presentan unha clara continuidade xeográfica entre o portugués beirón e o Val do Ellas (sección 3.1). Para outras seis designacións (sección 3.2.) non se documentaron equivalentes nas variedades portuguesas da Beira, mais si noutros dialectos ou nas obras lexicográficas de referencia para a definición do portugués estándar. Hai catro formas (apartado 3.3.) que poden definirse como “tipos fronteirizos”, presentes no español e tamén nas comunidades lusófonas máis próximas da fronteira, dun e doutro lado da Raia; cando menos no caso de *mistos* (§16), a distribución xeográfica e o tipo de concepto fan pensar nunha forma importada do castelán. Outros tres casos (sección 3.4.) son formas que non se rexistran no portugués, mais si no castelán dialectal de Salamanca e de Estremadura, polo que non é posible excluír que se trate de castelanismos que entraron nos Tres Lugares.

Por tanto, arredor da metade das formas escollidas para exemplificar unha identidade lexical propia do Val do Ellas resultaron ter unha clara continuidade nas linguas veciñas, unha cifra que podería ser aínda superior se computásemos outras designacións que se comentarán nas liñas sucesivas.

Apenas unha cuarta parte das formas estudadas non tiveron ningún paralelo nin no portugués nin no castelán (sección 3.5). Desas, menos da metade teñen algún tipo de presenza en galego, e, aínda así, algunhas designacións non son acaídas para o contraste interlingüístico; un caso claro é o de *repolo* (§22), porque a entrada do castelanismo *repolho* no s. XVI alterou totalmente o mapa dialectal portugués. Isto mostra, precisamente, unha falla da análise contrastiva proposta por Costas (2013). Aínda que fose certo —que non o é, á vista dos materiais examinados— que existe unha clara diferenza lexical entre o Val do Ellas e os dominios lingüísticos veciños, ou coincidencias particulares entre o galego e as falas dos Tres Lugares ausentes nas áreas veciñas, isto non ten por que deberse á existencia dunha relación de filiación lingüística. Pode explicarse, como neste caso, a que o portugués sufriu procesos de castellanización distintos dos que padeceron Galicia e o Val do Ellas, situados noutros horizontes políticos e socio-culturais, que fixeron desaparecer formas patrimoniais; tamén a que o portugués beirón ou o castelán da Estremadura aceptasen innovacións que chegaron con menos forza ó Val do Ellas, unha zona considerada tradicionalmente como máis illada, facendo nacer diferenzas onde non as había. Polo vencello indisoluble do vocabulario coa realidade extralingüística na que viven as entidades que nomean ou pola enorme permeabilidade no léxico cando dúas ou máis linguas están en estreito contacto, resulta totalmente normal que os ítems lexicais flúan dunha variedade lingüística para outra.

A sección 3.6. recolle dúas formas portuguesas que non se corresponden exactamente cos significantes citados por Costas para o Val do Ellas (*encoirarse* e *esmorcelar*), mais que teñen unha grande proximidade. Finalmente, clasificáronse sete designacións dentro da categoría “outros casos” (3.7.), por diferentes motivos. No caso da *bolboreta* (§34) e da *migrada* (§35), débese a que o propio Costas reconece a existencia de paralelos en formas portuguesas; a análise presentada neste traballo define mellor as áreas e pon de manifesto a existencia dunha maior afinidade cá que se podería deducir inicialmente. No caso de *fanisca* (§36) e de *lixoso* (§37), debeuse a que as documentacións portuguesas eran escasas, polo que non parecía prudente colocalas nas seccións 3.1 e 3.2 ó pé doutras formas cunha continuidade xeográfica moito máis clara.

Por tanto, non se desprende da análise dos materiais estudados que estes poidan aducirse como proba dunha especificidade lexical do Val do Ellas, nin tampouco como argumento a favor dunha *galegitude* do léxico das súas falas. Isto non quere dicir, obviamente, que teña que

excluírse esa hipótese de filiación lingüística, senón que terá que ser verificada con outro corpo lexical<sup>40</sup> e cunha metodoloxía diferente. Os resultados expostos neste artigo reiteran, ademais, que é imprescindible ter en conta as achegas do portugués dialectal á hora de examinar as características lingüísticas das falas do Val do Ellas, xa que, do contrario, as conclusións que se obteñen desa análise, e sobre as que se apoian os debates sobre a filiación, poden caer en apriorismos e ser insuficientes para expor unha teoría suficientemente sólida.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALCyL = Alvar, Manuel (1999): *Atlas lingüístico de Castilla y León* (3 vols.). Valladolid: Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura.
- Amorim, Maria Isabel Nogueira de (1971): *Baião, concelho do distrito do Porto. Estudo de linguagem, etnografia e folclore das suas freguesias*. Universidade de Coimbra. Tese de licenciatura inédita.
- Basto, Cláudio (1916): "Nome das «agulhas» secas", *Revista Lusitana* 19, 258-269.
- Bec, Pierre (1962) : "Cuç, cuca, cuçon. Désignations génériques de la «petite bête» en gascon et dans les langues romanes", *Revue de Linguistique Romane* XXVI (101-102), 34-50.
- Berjano (1909): "Ensayo de un vocabulario del dialecto de la Sierra de Gata", *Revista de Extremadura* XI/CXXV, 481-485.
- Braga, Franklim Costa (1971): *Quadrazais. Etnografia e Linguagem*. Universidade de Lisboa. Tese de licenciatura inédita.
- Buescu, Maria Leonor Carvalhão (1961): *Monsanto. Etnografia e linguagem*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.
- Carrasco González, Juan Manuel (1996): "Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. (Parte I: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama)", *Anuario de Estudios Filológicos* XIX, 135-148. <http://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/58870.pdf>.
- Carrasco González, Juan Manuel (1997): "Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura (parte II y última: otras hablas fronterizas; conclusiones)", *Anuario de Estudios Filológicos* XX, 61-79. <http://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/58898.pdf>.
- Carrasco González, Juan Manuel (2000): "Las hablas de Jálama entre los dialectos extremeños fronterizos", en Antonio Salvador Plans / Juan Carrasco González / María Dolores García Oliva (coords.), *Actas del I Congreso sobre 'A Fala' (Eljas - San Martín de Trevejo - Valverde del Fresno, 20 y 21 de mayo de 1999)*, Mérida: Editora Regional de Extremadura, 143-156.
- Carrasco González, Juan Manuel (2007): "Falantes de dialectos fronteiriços da Extremadura espanhola no último século", *Limite: Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonia* 1, 51-69. <http://www.revistalimite.es/volumen%201/JuanCarrasco.pdf>.
- Carrasco González, Juan Manuel (2010): "Traços galegos e não galegos do dialecto fronteiriço de Xalma (manhego, lagarteiro e valverdeiro)", in *Língua portuguesa: ultrapassar fronteiras, juntar culturas*, M<sup>a</sup> João Marçalo et al. (eds.), 1-14. Évora: Universidade de Évora. <http://www.simelp2009.uevora.pt/pdf/slg9/02.pdf>.
- Carreiro, Maria Eduarda Ventura (1948): *Monografia lingüística de Nisa*. Universidade de Lisboa. Tese de licenciatura inédita.
- Carvalho, Maria Armanda da Cunha Albino (1970): *Sátão (Concelho do distrito de Viseu). Estudo da linguagem, etnografia e folclore das suas freguesias*. Universidade de Coimbra. Tese de licenciatura inédita.
- Casado Velarde, Manuel (2002<sup>1</sup>): *El léxico diferencial de Don Benito. Vocabulario común*. Don Benito: Ayuntamiento de Don Benito.
- Cintra, Luís F. Lindley (1971): "Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses", *Boletim de Filologia*, XXII/1-2, 81-116.
- Costa, Maria Rosa Lila Dias (1961): *Murteira, uma povoação do concelho de Loures - Etnografia, linguagem e folclore*. Lisboa: Junta distrital de Lisboa.
- Costas González, Xosé Henrique (1992a): "Notas sociolingüísticas sobre os falares «galegos» da ribeira Trevellana (Cáceres)", *A Trabe de Ouro* 11, 69-77 [409-417].
- Costas González, Xosé Henrique (1992b): "Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do val do río das Ellas", *Cadernos de Lingua* 6, 85-107.
- Costas González, Xosé Henrique (2001): "Fronteiras lingüísticas no Val do Río Ellas (Cáceres)", *Revista de Filología Románica* 18, 35-50. <http://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFR-M0101120035A>.

<sup>40</sup> Segundo me indica un revisor, é moi posible que se defenda a finais de 2014 na Universidade de Vigo a tese de doutoramento de Arancha Román, que conterá unhas 7000 voces recollidas no Val do Ellas. Este importante corpus será, sen dúbida, unha fonte de extraordinaria importancia para os estudos lexicais, e permitirá establecer novos estudos comparativos que permitan caracterizar lexicalmente estas variedades lingüísticas.



- Costas González, Xosé Henrique (2005): "Achegas ao léxico do galego falado no Val do Río Ellas", *Cadernos de Lingua* 27, 127-153.
- Costas González, Xosé Henrique (2007): "Os apañadores de palabras: o caderno do pastor, labrego e escultor valverdeiro Alfonso Berrío", *A Trabe de Ouro* 70, 115-133.
- Costas González, Xosé Henrique (2013): *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)*. Vigo: Xerais.
- Davies, Mark / Michael Ferreira (2006-): *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s*. <http://www.corpusdoportugues.org>.
- Espinosa, Aurelio M. (1935): *Arcaísmos dialectales. La conservación de «s» y «z» sonoras en Cáceres y Salamanca*. Madrid: Junta para la Ampliación de Estudios (Anexo XIX da *Revista de Filología Española*).
- Fernandes, João Baptista (1965): *Linguagem de Aldeia Velha e povoações vizinhas*. Universidade de Coimbra. Tese de licenciatura inédita.
- Figueiredo, Cândido de (1939<sup>24</sup>): *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*. Lisboa: Bertrand.
- Fink, Oscar (1929): *Studien über die Mundarten der Sierra de Gata*. Hamburg, Friederichsen de Gruyter
- Gamas, Ricardo Gerales (1941): *Subsídios para a linguagem agrícola da Vermiosa*. Universidade de Lisboa. Tese de licenciatura inédita.
- García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Anexo 27 de *Verba. Anuario galego de Filoloxía*).
- Gargallo, José Enrique (2007): "Gallego-portugués, iberorromance. La 'fala' en su contexto románico peninsular", *Limite: Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía* 1, 31-49. <http://www.revis-talimite.es/volumen%201/EnriqueGargallo.pdf>.
- González Ferrero, Juan Carlos (2013): *Palabras y expresiones en el habla de Toro (Zamora)*. Toro: Edición do autor (Reedición electrónica do volume editado en 1990; Toro: Colectivo Cultural Bardales).
- González González, Manuel / María Xesús Bugarín López (2003): "Estudio xeolingüístico dos nomes do vagalume en galego", en Rita Caprini (ed.), *Parole romanze: Scritti per Michel Contini*. Alessandria: Edizioni dell'Orso, 177-201.
- González Salgado, José Antonio (2000): *Cartografía lingüística de Extremadura. Origen y distribución del léxico extremeño*. Universidade Complutense Tese de doutoramento. <http://www.geolectos.com>.
- González Salgado (2009a): "Las hablas de Jálama en el conjunto de la dialectología extremeña", *Revista de Filología Románica* 26, 51-70. <http://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM0909110051A/9177>.
- González Salgado (2009b): "Diez problemas de dialectología extremeña", *Revista de Estudios Extremeños LXV/1*, 347-378. [http://www.dip-badajoz.es/cultura/ceex/reex\\_digital/reex\\_LXV/2009/T.%20LXV%20n.%201%202009%20en.-abr/RV12687.pdf](http://www.dip-badajoz.es/cultura/ceex/reex_digital/reex_LXV/2009/T.%20LXV%20n.%201%202009%20en.-abr/RV12687.pdf).
- Hammermüller, Gunther (2011): "Insekten auf einem Datenfriedhof - Aufgespürt in den Relatórios des ILB", en Annette Endruschat / Vera Ferreira (eds), *Sprachdokumentation und Korpuslinguistik - Forschungsstand und Anwendung*, Akten des 8. Deutschen Lusitanistentags. München: Meidenbauer, 233-247.
- Houaiss = Instituto Antônio Houaiss (2009): *Dicionário eletrônico Houaiss 3*. Rio de Janeiro: Editora Objetiva (CD-ROM).
- Iglesias Ovejero, Ángel (1990): *El habla de El Rebollar (Salamanca): Léxico*. Salamanca: Centro de Cultura Tradicional, Diputación de Salamanca.
- Lamano y Beneite, José de (1915): *El Dialecto vulgar salmantino*. Salamanca: Tipografía Popular, Imp. de "El Salmantino".
- Losada, Enrique / José Castro / Enrique Niño (1992): *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Machado, José Pedro (1977<sup>3</sup>): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*. (5 vols.) Lisboa: Livros Horizonte.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1977): *Os fálares fronteiriços do concelho do Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla*. Coimbra: Universidade de Coimbra (Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, IV).
- Maia, Clarinda de Azevedo (2000): "Os dialectos de Xalma: problemática e perspectivas de pesquisa", en Antonio Salvador Plans / Juan Carrasco González / María Dolores García Oliva (coords.), *Actas del I Congreso sobre 'A Fala' (Eljas - San Martín de Trevejo - Valverde del Fresno, 20 y 21 de mayo de 1999)*, Mérida: Editora Regional de Extremadura, 77-91.
- Martins, José Dias (1954): *Etnografia, linguagem e folclore de uma pequena região da Beira Baixa (Póvoa de Atalaia, Alcongosta, Tinhaldas e Sobral do Campo)*. Universidade de Lisboa. Tese de licenciatura inédita.



- Matias, Maria de Fátima de Rezende Fernandes (1984): *Bilingüismo e níveis sociolinguísticos numa região luso-espanhola: concelhos de Alandroal, Campo Maior, Elvas e Olivença*. Coimbra: Universidade de Coimbra (Separata de Revista Portuguesa de Filologia, XVIII e XIX).
- Onís, Federico de (1930): "Notas sobre el dialecto de San Martín de Trevejo", John D. Fitz-Gerald / Pauline Taylor (eds.), *Todd Memorial Volumes: Philological Studies*, II, New York, Columbia University Press, 63-69,
- Pascual, José Antonio (1990): "Los derivados salmantinos del leonés 'estoyo'", *Voces* 1, 63-70.
- Pato, Enrique (2011): "Sobre geografia léxica española: distribución y áreas léxicas de la mustela", *Dialectologia* 6, 45-53.
- Porto Editora = *Dicionário da Língua Portuguesa*. Porto: Porto Editora. <http://www.infopedia.pt>.
- Priberam = *Dicionário Priberam de Língua Portuguesa*. Lisboa: Priberam. <http://www.priberam.pt/dicionario>.
- Reinas, Maria Augusta da Fonseca Monteiro (1957): *Nave de Haver e Alamedilla: etnografia, língua e folclore de duas aldeias arraianas* (2 vols.). Universidade de Lisboa. Tese de licenciatura inédita.
- Rey Yelmo, Jesús C. (1999): *La fala de San Martín de Trevejo: O mañegu. Notas y vocabulario*. Mérida: Editora Regional de Extremadura.
- Rivas Quintas, Eligio (1978): *Frampas: contribución al diccionario gallego*. Salamanca: Ceme.
- Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Galaxia: Vigo.
- Sanches Maragoto (2011): "As falas das Elhas, Valverde e S. Martinho (Cáceres): origem galega ou portuguesa?", Ramón de Andrés Díaz (ed.), *Len-gua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe, 385-425.
- Saramago, João (2006): "O Atlas Linguístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)", *Estudis Romànics* XXVIII, 281-298. <http://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000018/00000002.pdf>.
- Saramago, João (2012): "Geolinguistic analysis of the designations of some leguminous plants in the western Iberian Peninsula", *Dialectologia*, Special Issue III, 177-188.
- TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.) (2014-): *Tesouro do léxico patrimonial galego e português*. Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega. <http://ilg.usc.es/Tesouro> [consultado o 1/3/2014].
- Vasconcellos, José Leite de (1927): "Linguagem de San Martín de Trevejo (Cáceres, Hespanha)"
- Vasconcellos, José Leite de (1929): "Samartinhego", *Opúsculos* IV. Coimbra: Universidade de Coimbra, 671-675.
- Vasconcellos, José Leite de (1933): "Português dialectal da região de Xalma (Hespanha)", *Revista Lusitana* XXXI/1-4, 164-275 [Complementos na *Revista Lusitana* XXXIII, 301-304]
- Verdelho, Telmo dos Santos (dir.) (2003-): *Corpus Lexicográfico do Português*. <http://clp.dlc.ua.pt/Inicio.aspx>, consultado: 6/6/2014.
- Vilhena, Maria da Conceição (2000): *Falares de Herre e Cedillo*. Mérida: Editora Regional de Extremadura.

